# PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL

C.E.I.P “Mar de Fóra”

Curso 2021-2022

**INDICE**


1. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS PARA O CURSO ACADÉMICO.
2. MEDIDAS A DESENVOLVER PARA A SÚA CONSECUCIÓN.
3. RECURSOS PREVISTOS PARA O EFECTO.
4. CONCRECIÓN ANUAL DO PROXECTO EDUCATIVO (PE).
5. MODIFICACIÓN SE É O CASO.
6. ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS E ORGANIZATIVAS DE ATENCIÓN AO ALUMNADO CON NEAE..
7. CADRO DE ORGANIZACIÓN PEDAGÓXICA.
8. PLAN DE ACTUACIÓN DOS ÓRGANOS COLEXIADOS.
9. PLAN DE ACTUACIÓN DO EQUIPO DIRECTIVO.
10. XORNADA ESCOLAR E HORARIO DO CENTRO.
11. QUENDAS DE VIXIANZA DOS RECREOS.
12. PROGRAMACIÓNE CALENDARIO DAS REUNIÓNS DOS ÓRGANOS DE GOBERNO.
13. PROGRAMACIÓN E CALENDARIO DAS REUNIÓNS DOS ÓRGANOS DE COORDINACIÓN DOCENTE.
14. PARTICIPACIÓN DO PROFESORADO DO CENTRO EN PROGRAMAS DE INNOVACIÓN EDUCATIVA.
15. LIBROS DE TEXTO E DEMAIS MATERIAIS CURRICULARES ESTABLECIDOS NO CENTRO.
16. PROGRAMA ANUAL DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.
17. PLAN DE AUTOPROTECCIÓN.
18. PLAN DE ORGANIZACIÓN E COORDINACIÓN DAS TAREFAS DO PERSOAL NON DOCENTE.
19. HORARIO DE ATENCIÓN AO PÚBLICO.
20. PLAN PARA A POTENCIACIÓN E ORGANIZACIÓN DAS RELACIÓNS DA COMUNIDADE COA FAMILIA.
21. PLAN DE TRANSPORTE ESCOLAR.
22. REGULAMENTO DA ORGANIZACIÓN DO COMEDOR.
23. PLAN DE UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS DO CENTRO.
24. PLAN DE ACTIVIDADES PROPOSTAS POLA AMPA.
25. PLAN XERAL DE AVALIACIÓN DO CENTRO.
26. PROGRAMA OU PLANS ANUAIS DE LECTURA.
27. PAUTAS E/OU CRITERIOS XERAIS SOBRE O USO DAS TAREFAS EXTRAESCOLARES.
28. ADDENDA DO PROXECTO LINGÜÍSTICO.
29. ESTÁ CONSTITUIDO O EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA.
30. EN CASO AFIRMATIVO, A SÚA COMPOSICIÓN AXÚSTASE Á NORMATIVA.
31. ACTIVIDADES QUE SE VAN A DESENVOLVER PARA O FOMENTO E DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA.
32. CONCRECIÓN ANUAL DO PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.
33. CONCRECIÓN ANUAL DO PLAN DE CONVIVENCIA.

34. 35. ACCIÓNS DE MELLORA DERIVADAS DA ANÁLISE DE RESULTADOS DAS AVALIACIÓNS INDIVIDUALIZADAS.
36. SEGUIMENTO E AVALIACIÓN PROGRAMA BILINGÜE.
37. PLAN DE IGUALDADE.

# 1. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS PARA O CURSO ACADÉMICO.

## 1.1. Obxectivos xerais

Como non podía ser doutro xeito o noso labor irá encamiñado a conseguir que sexan unha realidade tres principios básicos e que se resumen en lograr:

- Unha educación de calidade para todo o alumnado.
- Equidade que garanta a igualdade de oportunidades.
- Esforzo compartido por todas as persoas compoñentes da comunidade educativa.

Ao ser o noso un centro de Educación Infantil e Primaria, a súa práctica educativa deberá facer fincapé nos aspectos que seguen:

- Especial atención á diversidade.
- Prevención das dificultades de aprendizaxe e a posta en práctica de apoios e/ou reforzos tan pronto como sexan detectadas, acudindo ás medidas organizativas e/ou curriculares que sexan precisas para asegurar o principio de equidade, sen prexuízo de garantir unha educación común para todo o alumnado.
- Darlle especial relevancia á acción titorial.
- Facer do desenvolvemento das competencias básicas o eixo do noso labor educativo para lograr unha formación integral, tanto na vertente persoal do alumnado coma nas demandas sociais e culturais que faciliten a continuación dos estudos e, posteriormente, a inclusión na vida laboral, pero sempre coa asunción da de aprender ao longo de toda a vida.
- A creación de hábitos lectores.
- A incorporación do noso alumnado ás novas tecnoloxías.Ter en conta as novas ideas que podan traer os mestres/as que chegan ao centro e combinalas coa experiencia e o coñecemento do centro e do entorno dos que levan anos nel.
- A coordinación entre todos os membros da comunidade educativa para o mantemento das normas básicas de convivencia e funcionamento para que sexan respectadas por todo o alumnado na súa preparación como cidadás.
- Fomentar a coordinación entre o/a titor/a de infantil de 5 anos e o/a titor/a de 1º de E. P. co fin de que o cambio de etapa e de currículo sexa o máis continuado posible para os/as alumnos/as, sobre todo no desenvolvemento da lectura e da escritura.
- Continuar cos vinte minutos de lectura diaria reflectido no proxecto lector.

- Acercar os pais/nais á escola, por medio de actividades nas que colabore toda a comunidade educativa e ao coñecemento do que realizan os seus fillos/as na vida diaria escolar.

Outros obxectivos que nos propoñemos levar a cabo son;

- Continuar a realizar o festival de Nadal, desfile de Entroido e o Magosto, actividades que gustan moito ás familias.
- Realizar outras actividades nas que poidan colaborar as familias (contacontos, …).
- Continuar coa información dos titores ás familias dos seus alumnos/as sobre a evolución das súas aprendizaxes e as necesidades que podan presentar destacando a importancia da súa colaboración.
- Unha vez elaborado e posto en marcha o Proxecto Lector de Centro compre continualo e perfeccionalo neste curso.
- Estimular o hábito lector.
- Concentrar ou localizar axeitadamente todos os soportes bibliográficos, audiovisuais e informáticos.
- Completar a catalogación e informatización.
- Involucrar a toda a comunidade educativa no proceso de fomento da lectura facendo especial fincapé en estimular a participación de nais e pais.
- Incluír a aula de informática dentro da biblioteca mediante unha reforma.
- Medidas tendentes a reducir o fracaso escolar.
- Organizar a información escolar
- Traballar a coordinación entre os distintos e unificar criterios metodolóxicos.
- Fixar estratexias didácticas de atención á diversidade.
- Elaborar e/ou adquirir unha serie de recursos e estratexias didácticas para a educación da igualdade e a coeducación.
- Desenvolver o plan de autoprotección .
- Informatizar a xestión administrativa e académica a través da aplicación informática Xade.
- Mantemento das reunións e contactos coas familias.
- Incrementar a información aos pais de todos os aspectos da vida do centro.
- Proporcionar ás familias recursos e estratexias para a educación da igualdade no ámbito familiar.
- Participaremos en todo tipo de actividades organizadas polo concello.
- Difundiremos información sobre actividades do concello que se dirixan á comunidade educativa.

## 1.2. Obxectivos de E.I.

- Coñecer, descubrir e controlar progresivamente o propio corpo identificado global e segmentariamente.
- Utilizar os sentidos como fontes de sensacións para o coñecemento do seu mundo circundante establecendo e adquirindo iniciativa e confianza en sI mesmo/a.
- Adquirir destrezas e habilidades manipulativas aplicándoas ao manexo de útiles e materiais presentes no seu entorno.
- Adquirir un control postural e dinámico do corpo sen descoidar a propia seguridade e buscando a exploración do seu medio.
- Actuar de forma cada vez máis autónoma desenvolvendo as súas capacidades afectivas e a súa seguridade emocional, e adquirindo progresivamente iniciativa e confianza en sí mesmo/a.
- Establecer vínculos fluídos de relación cos adultos e cos seus iguais equilibrando a afirmación das súas preferencias con respecto ás necesidades comúns do grupo.
- Tomar conciencia das características persoais afianzando a súa autoestima no desenvolvemento das actividades cotiás.
- Interiorización de normas e valores sociais que establezan vínculos fluídos de relación cos adultos e cos seus iguais con pautas elementais de convivencia exercitándose na resolución pacífica de conflitos, respectando a diversidade e desenvolvendo actitudes de axuda e colaboración.
- Tolerar a frustración demorando a satisfacción dos desexos.
- Adquirir hábitos básicos de coidado persoal.

## 1.3. Obxectivos da Educación Primaria.

Este centro fará seus os obxectivos da educación primaria explícitos no decreto *105/2014, do 4 de setembro* de 2014 da LOMCE encamiñados ao logro da adquisición, por parte de todo o alumnado, das capacidades que permitan.

a) Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.
b) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe.

c) Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos que lle permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais con que se relaciona.
d) Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e de mulleres e a non discriminación de persoas con discapacidade.
e) Coñecer e utilizar de xeito apropiado a lingua galega e a castelá, dándolle unha especial relevancia tanto a nosa lingua como a nosa cultura, polas dificultades que atravesan, nomeadamente nos últimos anos nos que se produciu un cambio absolutamente regresivo na lexislación.
f) Adquirir en, polo menos, unha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lle permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás.
g) Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser capaz de aplicalos a situacións da súa vida cotiá.
h) Coñecer e valorar o seu contorno natural, social e cultural, así como as posibilidades de acción e de coidado deste, con especial atención á singularidade de Galicia. Coñecer mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e sociedade galegas.
i) Iniciarse na utilización, para a aprendizaxe, das tecnoloxías da información e da comunicación, desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que recibe e elabora.
j) Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais.
k) Valorar a hixiene e a saúde, aceptar e aprender a coidar o propio corpo e o dos outros, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.
l) Coñecer e valorar a flora e a fauna, en especial a presente na Comunidade Autónoma de Galicia, e adoptar modos de comportamento que favorezan o seu coidado.
m) Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, o valor da responsabilidade no traballo doméstico e no coidado das outras persoas, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas.
n) Fomentar a educación viaria e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico.
o) Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, poñendo de relevancia as mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galega.

## 2. MEDIDAS A DESENVOLVER PARA A SÚA CONSECUCIÓN.

Debido á situación que estamos vivindo por mor do COVID as medidas abaixo nomeadas e que ata agora se fixeron e foron satisfactorias,seguirán levándose a cabo pero adaptándose as medidas de hixiene e seguridade, cada titor co seu grupo de convivencia.

● Realizaranse diferentes actividades combinando metodoloxías diversas (exposición, discusión, prácticas instructivas…) por parte do profesorado e do alumnado.
● Traballarase individual ou en grupo sobre textos ou medios audiovisuais.
● Inculcarase o manexo das TICS.
● As actividades e a metodoloxía adaptaranse a diferentes situacións e levaranse a cabo revisións das propostas curriculares e de organización.
● Tratarase de facer charlas coas familias sobre temas que lles interese (drogas, internet...) Esta medida que realizamos cada ano,será imposible levala a cabo

## 3. RECURSOS PREVISTOS PARA O EFECTO.

- Os recursos económicos cos que conta o centro son os que proveñen da Consellería de Educación.
- Os recursos humanos son o persoal docente, e non docente.
- A ANPA Atalaya
- Recursos materiais. Solicitamos material de renovación de mesas, encerados, cadeiras, armarios e material informático. Para pequenos arranxos contamos coa colaboración do Concello.
- Aulas e espazos comúns.
- Equipamentos informáticos, proxectores, PDIs. Libros de texto e dotación material das aulas. Biblioteca escolar, espazo lector e bibliotecas de aula.
- Pistas exteriores, aula de psicomotricidade.
- Patios diferenciados para Infantil e Primaria.

## 4. CONCRECIÓN ANUAL DO PROXECTO EDUCATIVO (PE).

Ao comezo do curso académico, e seguindo as directrices establecidas pola Comisión de Coordinación Pedagóxica, estableceránse as medidas necesarias para poñer en práctica o P.E. durante o curso escolar. Entre estas medidas atópase a elaboración das programacións didácticas, que ao supoñer o segundo nivel de concreción do currículum, permiten adaptar os contidos do P.E. ao grupo de alumnos/as atendendo ás necesidades e características dos mesmos.

Estas programacións, seguindo a norma sinalada na Orde que regula o Calendario escolar, serán elaboradas antes de que comece o período lectivo, entregaranse á xefatura de estudos e, posteriormente, serán remitidas ó Servizo de Inspección Educativa.

Do mesmo xeito, e atendendo ás mencionadas características do alumnado, proporanse á Comisión de Coordinación Pedagóxica, aqueles cambios que consideren necesarios no Proxecto Educativo, de xeito que permita unha mellor consecución dos obxectivos neste indicados. Corresponde, en última instancia, ao Consello Escolar o aprobar e introducir as modificacións propostas se así o consideran oportuno.

Este proceso de modificación do P.E. manterase ao longo de todo o curso académico, coa revisión constante das programacións segundo as necesidades e evolución do alumnado, para unha mellor consecución dos obxectivos nelas establecidos.

Os obxectivos do proxecto educativo quedan reflectidos nos específicos desta PXA e nos correspondentes dos diferentes plans:

- Educar desde a igualdade, na diferenza, facendo entender que as diferenzas de sexo non condicionan as capacidades das persoas.
- Fomentar no alumnado actitudes de non discriminación, respecto e compromiso co medio ambiente, solidariedade, responsabilidade e espíritu crítico.
- Desenvolver no alumnado as competencias básicas a través de todas as áreas.
- Fomentar o emprego didáctico dos recursos do centro e do entorno.
- Promover o Plan de fomento do galego no ensino e fomentar o emprego do galego nos diferentes ámbitos da vida escolar, promover a adquisición e equilibrio no fondo de libros e materiais en galego.
- Empregar metodoloxías activas, de traballo en grupo (seguindo as directrices do Protocolo da adaptación á situación da COVID 19), de aprendizaxe cooperativa e autónoma.
- Promover participación das familias na vida escolar a través das canles previstas na normativa vixente e no Protocolo de adaptación á situación da Covid 19.

***Actuacións***

- Responsabilidade na acción titorial.
- Participación en campañas, conmemoracións, polas circunstancias actuáis, a nivel de aula.
- Plans e programas educativos.
- Organización do emprego dos recursos do centro.
- Inclusión nas programacións curriculares de metodoloxías activas, de traballo en grupo (seguindo as indicacións do Protocolo da adaptación á situación da COVID 19), de aprendizaxe cooperativa e autónoma.
- Reunións de órganos colexiados e de coordinación docente.

## 5. MODIFICACIÓN DO PE, SE É O CASO.

O proxecto educativo foi modificado e revisado polo claustro e consello.

## 6 .ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS E ORGANIZATIVAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

### *PLAN DE ACCIÓN TITORIAL*

**INTRODUCCIÓN**

*O Plan de Acción Titorial complementa ao plan de Orientación tal e como se establece no Decreto 120/1998, de 23 de abril, polo que se regula a orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galiza.*

O seu deseño é competencia do Departamento de Orientación, sendo a acción titorial competencia de tódolos mestres e en particular dos titores/as.

Os destinatarios deste Plan son tódolos que forman parte da comunidade educativa dos centros ***CEIP MAR DE FÓRA*** (Fisterra) e ***CEIP DE AREOUTA*** (Sardiñeiro).

**BASES LEGAIS**

**LOE ( Lei Orgánica a 2/2006, do 3 de maio, de Educación) e LOMCE ( Lei Orgánica 8/2013, de 9 de decembro para a Mellora da Calidade Educativa:**

**Artigo 91:** Funcións do profesorado: *«A titoría dos alumnos, a dirección e a orientación da súa aprendizaxe e o apoio no seu proceso educativo, en colaboración coas familias»*

**Artigo 105**: Medidas para o profesorado: *« As administracións educativas favorecerán: o recoñecemento da función titorial, mediante os oportunos incentivos profesionais e económicos”*

**Artigo 121**: Proxecto educativo: *« Recollerá a forma de atención á diversidade do alumnado e a acción titorial»*

**Artigo 129**: Competencias do claustro: *« Fixar os criterios referentes á orientación, titoría, avaliación e recuperación dos alumnos»*

**FUNCIÓNS DO TITOR**

Decreto 374/1996, do 17 de outubro, polo que se aproba o Regulamento orgánico das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria.

No citado decreto fai referencia as funcións dos titores/as, no seu *Capítulo V:*

Artigo 80º

1. A titoría e orientación dos/as alumnos/as formará parte da función docente.

2. Cada grupo de alumnos/as terá un mestre titor/a que será designado pola directora a proposta do/a xefe de estudos.

3. O xefe de estudos coordinará o traballo dos titores/as e manterá as xuntanzas periódicas necesarias para o bo funcionamento da acción titorial.

Artigo 81º

1. Cada mestre titor, ademais das súas tarefas docentes específicas, realizará, cando menos, as seguintes funcións:

a) Participar no desenvolvemento do plan de acción titorial e nas actividades de orientación, baixo a coordinación do/a xefe/a de estudos.

b) Proporcionar ao principio de curso, aos alumnos e aos pais, información documental ou, no seu defecto, indicar onde poden consultar todo o referente ao calendario escolar, horarios, horas de titoría, actividades extraescolares e complementarias previstas, programas escolares e criterios de avaliación do grupo.

c) Coñecer as características persoais de cada alumno/a a través da análise do seu expediente persoal e doutros instrumentos válidos para conseguir ese coñecemento.

d) Coñecer os aspectos da situación familiar e escolar que repercuten no rendemento académico de cada alumno.

e) Efectuar un seguimento global dos procesos de ensinanza-aprendizaxe do alumnado para detectar dificultades e necesidades específicas de apoio educativo, co obxecto de buscalas respostas educativas adecuadas e solicitalos oportunos asesoramentos e apoios.

f) Coordinar as adaptacións curriculares necesarias para alumnos/as do seu grupo.

g) Facilitar a integración do alumnado no grupo e fomentar a súa participación nas actividades do centro.

h) Orientar ao alumnado dunha maneira directa e inmediata no seu proceso formativo.

i) Informar ao equipo de profesores do grupo de alumnos das características, especialmente naqueles casos que presenten problemas específicos.

l) Coordinar o axuste das diferentes metodoloxías e principios de avaliación programados para o mesmo grupo de alumnos/as.

m) De ser o caso, organizar e presidir as sesións de avaliación.

n) Coordinar o proceso de avaliación do alumnado do seu grupo e adoitar a decisión que proceda referente á promoción do alumnado dun ciclo a outro, logo de audiencia dos seus pais ou titores legais.

ñ) Atender, xunto co resto do profesorado, aos alumnos e alumnas mentres estes permanecen no centro nos períodos de lecer.

o) Colaborar co equipo de orientación educativa e profesional do sector nos termos que estableza o mesmo e a xefatura de estudos.

p) Colaborar cos demais titores no marco dos proxectos educativos e curriculares do centro.

q) Orientar as demandas e inquedanzas dos alumnos e mediar ante o resto de profesorado, alumnado e equipo directivo nos problemas que se presenten.

r) Informar aos alumnos /as do grupo, os pais e os profesores de todo aquilo que lles afecte en relación coas actividades docentes e o rendemento académico, con especial atención aos aspectos e medidas tendentes a facilitar a competencia lingüística dos alumnos e alumnas nas dúas linguas oficiais.

s) Facilitar a cooperación educativa entre os profesores/as e os pais dos alumnos/as.

t) Exercer, de acordo co proxecto curricular, a coordinación entre os demais profesores do grupo.

u) Cubrir os documentos oficiais relativos ao seu grupo de alumnos/as.

v) Controlar a falta de asistencia ou puntualidade dos alumnos, e ter informados os pais ou titores e o xefe de estudios.

x) Fomentar a colaboración das familias nas actividades de apoio á aprendizaxe e orientación dos seus fillos/as.

z) Aqueloutras que se lle puidesen encomendar para o mellor desenvolvemento da acción titorial

## 1. OBXECTIVOS

- Dinamizar e por en práctica o PAT por parte do D.O.
- Implicar a toda a comunidade educativa para o seu desenvolvemento.
- Ampliar ou/e modificar calquera subprograma do PAT, segundo as necesidades do centro.
- Garantir o cumprimento das normas establecidas no Plan de Convivencia por parte de toda a comunidade (familias, docentes, alumnado).
- Dinamizar os grupo-clase para lograr unha mellor integración e socialización do alumnado.

- Potenciar os bos hábitos relacionados coa autonomía, hábitos saudables, responsabilidades,….
- Informar ao alumnado dos seus dereitos e deberes no centro.
- Desenvolver programas en base ás necesidades do noso centro e aquelas que se atopen ao longo do curso escolar.
- Previr condutas contrarias á convivencia.
- Favorecer as relacións familia-escola.
- Informar e asesorar ás familias a través de actividades baseadas na educación de valores.
- Elaborar e implementar programas en base ás directrices establecidas na CCP.

## 2. CONTIDOS

- Fomento da convivencia, igualdade e equidade.
- Asesoramento a incorporación de novo alumnado no Plan de Acollida.
- Normas de organización e funcionamento do centro educativo.
- Atención as familias por parte de toda a comunidade educativa.
- Desenvolvemento de programas e actividades baseados na prevención .
- Fomento de valores a través das celebracións: o magosto, o Nadal, a paz, o entroido e as letras galegas.

## 3. ORGANIZACIÓN DA ACCIÓN TITORIAL.

A titoría e a orientación escolar non son só responsabilidade do/a titor/a, senón que tamén de todos os profesionais que teñen responsabilidade sobre o grupo de alumnos/as.

A organización da acción titorial estrutúrase en torno a tres niveis.

1º nivel: Na aula e no grupo-clase

2º nivel: Na escola, como institución.

3º nivel: No sistema escolar, coordinando programas e servizos.

## 4. LIÑAS XERAIS DE ACTUACIÓN

· Integrar ao alumno/a na dinámica do centro (celebracións, rutinas diarias, actividades complementarias, Plan de acollida.

· Apoiar os procesos de ensinanza-aprendizaxe e o seu seguimento, prestando especial atención a atención a diversidade (programas de Reforzo, ACS, atención individualizada, técnicas de estudo...)

· Fomentar a convivencia na comunidade educativa (habilidades sociais, valores e normas,…)

· Fomentar as intelixencias múltiples, especialmente a intelixencia emocional.

## 5. ACTIVIDADES TITORIAIS.

As actividades da acción titorial teñen tres destinatarios:

1.-Actividades destinadas aos alumnos/as, as que se refiren ao grupo e as que se refiren ao alumno como individuo.

2.-Actividades referidas ás familias.

3.-Actividades referidas ao equipo docente.

## 6. TEMPORALIZACIÓN

Este plan pretende dar continuade ás necesidades xurdidas en anos anteriores, e implementar outras respostas adecuándose ao contexto actual do noso centro.

Levarase a cabo no curso 2021/22 distribuíndose ao longo dos trimestres e segundo as necesidades.

## 7. AVALIACIÓN

Ao final do curso realizarase unha revisión e avaliación de dito Plan a través da recollida de información e observación.

Os instrumentos a utilizar serán listas de control e formularios proporcionados aos mestres e aos alumno/as.

# *PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE*

***ÍNDICE***


**1.** INTRODUCIÓN

**2.** XUSTIFICACIÓN BASEADA NO CONTEXTO

**3.** MARCO LEGAL

**4.** MARCO TEÓRICO

**5.** IDENTIFICACIÓN E VALORACIÓN DAS NECESIDADES

**6.** DETERMINACIÓN DOS OBXETIVOS

**7.** DESCRICIÓN DAS ACTUACIÓNS, MEDIDAS E/OU PROGRAMAS PARA A ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

**8.** DETERMINACIÓN DOS CRITERIOS PARA A ORGANIZACIÓN E DISTRIBUCIÓN DOS RECURSOS E A APLICACIÓN DAS MEDIDAS PROPOSTAS

**9.** MECANISMOS DE COORDINACIÓN E COLABORACIÓN INTERNOS ASÍ COMO OUTRAS ETAPAS EDUCATIVAS E CO CENTRO ADSCRITO OU DE ADSCRICIÓN

**10.** CANLES DE COLABORACIÓN COAS NAIS, PAIS OU TITORES E TITORAS LEGAIS DO ALUMNADO
**11.** PROTOCOLOS PARA SOLICITUDE E/OU AUTORIZACIÓN DAS MEDIDAS
**12.** PROCESOS DE SEGUIMENTO, AVALIACIÓN E MELLORA DO PLAN
**13.** ATENCIÓN Á DIVERSIDADE
**14.** PROGRAMACIÓN A.L. E P.T.

## 1. INTRODUCIÓN

No curso 2012/2013 realízase por primeira vez o Plan Xeral de Atención a diversidade, dada a súa extensión, no curso 2013/2014 considerase conveniente adaptalo, concretando e especificando as necesidades do centro para dar unha resposta educativa a todo o alumnado o máis factible posible. Nos seguintes cursos continuouse esta liña de traballo e para o presente curso 2021/2022 continuarase facendo un plan cada vez máis eficaz na práctica.

O Plan Xeral de Atención á diversidade unha vez revisado e renovado, pasa a formar parte da Programación Xeral Anual e do Proxecto Educativo do centro.

## 2. XUSTIFICACIÓN BASEADA NO CONTEXTO

O CEIP Mar de Fóra atópase situado na comarca de Fisterra. A súa situación xeográfica fai que se atope afastado de case todas as partes, a 107 km de A Coruña e 86 km de Santiago de Compostela, ten unha poboación de cerca de 5.000 habitantes, que se reparten entre as catro parroquias que compoñen o concello de Fisterra (San Martiño de Duio, San Vicente de Duio, Fisterra e Sardiñeiro), a súa extensión é de 29.6 km2.

A este colexio asisten alumnos/as de tres das catro parroquias co Concello. Na mesma localidade existen dous colexios máis, un colexio en Sardiñeiro que recibe o alumnado desta parroquia e outro na propia localidade de Fisterra de titularidade concertada.

As principais actividades económicas da poboación están relacionadas co sector marítimo-pesqueiro e co turismo, xa que ao longo de determinados meses do ano, chega unha grande afluencia de peregrinos ó ser esta localidade punto final do Camiño de Santiago, o que supón unha fonte de ingresos para a maioría das familias, xa que o nivel socio-económico é medio-baixo.

Hai que destacar que moitas familias, sobre todo os pais , pasan longas tempadas fóra da casa no mar.

Este centro está ***adscrito*** ao IES Fin do Camiño de Fisterra, co que mantemos varios contactos ao longo do curso que nos permiten seguir liñas de actuación comúns e procurar que a transición entre a etapa de Primaria e Secundaria sexa o máis integradora posible.

O Departamento de Orientación é compartido un día á semana (os xoves) co CEIP Areouta de Sardiñeiro-Fisterra, ao que se despraza a orientadora.
No CEIP. Mar de Fóra os alumnos/as están escolarizados/as nas ensinanzas de Educación Infantil e Educación Primaria, distribuídos da seguinte maneira:

**EDUCACIÓN INFANTIL**

AULA DE 3 ANOS: 8 nenas e 5 nenos (total: 13)
AULA DE 4 ANOS : 5 nenas e 5 nenos (total: 10)
AULA DE 5 ANOS: 9 nenas e 5 nenos (total 14)

**EDUCACIÓN PRIMARIA:** Un grupo por cada nivel

1º E.P.: 7 nenas e 6 nenas (total: 13)
2º E.P.: 5 nenas e 5 nenos (total 10)
3º E.P.: 3 nenas e 7 nenos (total: 10)
4º E.P.: 5 nenas e 3 nenos (total: 8)
5º E.P.: 1 nena e 7 nenos (total: 8)
6º E.P.: 7 nenas e 8 nenos (total 15)

A poboación escolar que acude o noso centro presenta dificultades de aprendizaxe, moitas derivadas do baixo nivel estímulo-familiar e algúns casos de N.E.E. A maioría do alumnado ten altas expectativas e motivación de logro cara á aprendizaxe. Tamén hai un pequeno número de alumnos/as con baixa motivación, xa dende os niveis máis baixos, motivado e/ou provocado por carencias na planificación, hábitos e técnicas de estudo ou por diversas razóns de desaxustes familiares.

Con respecto desenvolvemento persoal e social hai certas situacións de indisciplina, de falta de habilidades sociais e de convivencia dentro da comunidade educativa.

## 3. MARCO LEGAL

A Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, de mellora da calidade da educación ( LOMCE), no capítulo I do título preliminar establece os principios e fins do sistema educativo; entre os principios que o inspiran, destacan a calidade da educación para todo o alumnado; a equidade, a inclusión e a atención a diversidade, e a non discriminación.

No propio título II da referida lei, dedicado á equidade na educación, recóllese que as administracións educativas establecerán os procedementos e recursos precisos para identificar de forma temperá as necesidades educativas específicas do alumnado. A atención integral deberá iniciarse dende o momento da identificación e tendo como principios, a normalización e a inclusión, e que, para facer efectivo o principio de igualdade no dereito á educación,

desenvolverán accións de carácter compensatorio en relación coas persoas, grupos e ámbitos territoriais que se encontren en situacións desfavorables, tratando de evitar as desigualdades derivadas de factores sociais, económicos, culturais, xeográficos, étnicos ou doutra índole.

O D. 330/2009, do 4 de Xuño, polo que se establece o currículo na Educación Infantil, establece: " *a intervención educativa nesta etapa, debe recoller como principio a diversidade do alumnado, adaptando a practica educativa ás características persoais, necesidades, intereses e estilo cognitivo"*

O D.105/2014 do 4 de Setembro, polo que se establece o currículo de Educación Primaria, en referencia a atención a diversidade establece: "*La intervención educativa en esta etapa atenderá a la diversidad del alumnado, es decir, se centrará en las actuaciones educativas dirigidas a dar respuesta a las diferentes capacidades, ritmos y estilos de aprendizaje. Además, pondrá énfasis en la detección temprana del alumnado que requiera una atención educativa diferente a la común, por presentar necesidades educativas especiales, por dificultades específicas del aprendizaje, por sus altas capacidades intelectuales, por incorporarse tarde al sistema educativo, o por condiciones personales o de historia familiar*".

O punto 4 do Plan Xeral de Medidas de Atención á Diversidade regulado no artigo 12 do Decreto 229/2011 que regula a atención á diversidade, debe recoller (entre outros puntos) a "*descrición das actuacións, medidas e/ou programas para a atención á diversidade que vai dispoñer o centro".*

## 4. MARCO TEÓRICO

Entendendo por ***atención á diversidade*** o conxunto de medidas e accións que teñen como finalidade adecuar a resposta educativa ás diferentes características e necesidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións, intereses e situacións sociais de todo o alumnado. Sendo necesario concretar e planificar todas estas actuacións e medidas, o cal farase a través do presente **Plan Xeral de Atención á Diversidade.**

Estas medidas e accións implican a toda a comunidade educativa e deben concretarse en propostas curriculares e organizativas que teñan en conta a pluralidade de todos os alumnos/as.

## 5. IDENTIFICACIÓN E VALORACIÓN DAS NECESIDADES:

Para a detección e **identificación de necesidades** teranse en conta as seguintes actuacións:

- Valoración conxunta e seguimento das medidas de atención á diversidade que se están desenvolvendo nas reunións de D.O e sesións de avaliación así como informar aos mestres das medidas que existen para atender ás necesidades da aula.

- Valoración conxunta e seguimento do alumnado con algunha das medidas de atención á diversidade.
- Valoración das avaliacións e informes psicopedagóxicos realizados e identificación do alumnado con N.E.A.E ( Necesidades Específicas de Apoio Educativo).
- Valoracións das avaliacións finais de cada curso e nivel para analizar posibles modificacións e melloras a ter en conta para o seguinte curso, no referente ás medidas de atención á diversidade e ao alumnado acollido a elas.
- Valoracións das avaliacións iniciais que se realicen a comezos de cada curso.
- Valoracións, previas ao comezo das sesións lectivas cos alumnos/as, dos equipos docentes e promovidas polo equipo docente (xefatura de estudios) en coordinación co departamento de orientación para acordos de actuacións e intervencións inmediatas co alumnado susceptible de medidas de atención á diversidade (principalmente os de ACS).
- As instrucións e circulares pertinentes publicadas pola consellería en materia de atención á diversidade ou pautas a seguir polos departamentos de orientación.
- Análise dos documentos do centro (Proxecto Educativo, Memoria Anual de centro e de departamento anteriores, expedientes académicos, informes individualizados, psicopedagóxicos e incluso clínicos que as familias consideren que deban formar parte da información do alumnado, etc.).
- Valoracións e suxestións dos pais/nais do alumnado con NEAE e/ou dificultades de aprendizaxe que necesiten de medidas de atención á diversidade.
- Rexistro das demandas efectuadas polos profesores, pais e nais, e alumnos /as que se acheguen ao departamento seguindo o protocolo establecido, reunións e a observación directa.

A nivel xeral as necesidades identificadas son:

**<u>Necesidades relativas ao centro</u>**

- Necesidade de revisión e actualización dos documentos do Departamento e colaborar no mesmo obxectivo cos do centro tratando de que toda a documentación sexa actualizada para a súa consulta.
- Necesidade de dar a coñecer a todo o profesorado o Plan Xeral de Atención a Diversidade.

- Necesidade de revisión das medidas de atención á diversidade e o seu tratamento neste documento, así como no P.A.T. e P.O. para actualizado o máximo posible ás nosas necesidades e aquelas que vaian xurdindo.
- Necesidade de mellorar a coordinación co I.E.S. para optimizar recursos e establecer liñas de actuación conxuntas.
- Necesidade de coordinarse coa A.N.P.A. do centro para unha mellor coordinación de todas as actividades do centro, implicando ás familias.
- Necesidade de fomentar a participación na planificación educativa.

**<u>Necesidades relativas ao alumnado</u>**

- Atender e favorecer a integración do novo alumnado tanto procedente doutros países, colexio, gardería...mediante o Plan de Acollida.
- Favorecer a integración e inclusión de xeito máis concreto aos alumnos/as con N.E.A.E. e establecer a medidas de atención Á diversidade oportunas.
- Necesidade de colaborar e traballar na mellora da convivencia no centro, reducindo os problemas de "conduta".
- Reducir o elevado número de "dificultades específicas de aprendizaxe", adoptando programas específicos de R.E.

**<u>Necesidades relativas ao profesorado</u>**

- Necesidade de plantexar dende o comezo de curso, na medida do posible, algunha sesión semanal cos titores para traballar dinámicas e aquelas actividades que se propoñan no P.A.T.
- Buscar unha mellor coordinación, efectividade e funcionalidade na realización e implementación das ACS.
- Dar a coñecer e asesorar a todo o profesorado en canto a medidas de atención á diversidade.
- Implicar ao profesorado nas actividades promovidas polo D.O.
- Delimitación clara de responsabilidades en canto á atención á diversidade.
- Mellorar a implicación de todos os mestres nas problemáticas específicas dos alumnos/as.
- Mellorar a implicación de todo o profesorado á hora de recoller e información dos alumnos/as, tanto no seu expediente académico como no programa XADE, facilitando unha axeitada intervención.

- Necesidade de continuar cos especialistas de P.T. e A.L.

**Necesidades do entorno**

- Dinamizar a implicación das familias nas actividades levadas a cabo dende o centro e o D.O.
- Asesoramento en canto ao tipo de educación que se está levando a cabo cos seus/súas fillos/as no centro, coa finalidade de establecer unhas pautas de actuación comúns.
- Informar, dende o inicio do curso, das distintas competencias do persoal do centro.
- Traballar de forma coordinada cos centros e servizos externos (I.E.S. ao que estamos adscritos, E.O.E., S.A.T ( Servizo de Atención Temperá), servizos sociais e sanitarios,...).

## 5. DETERMINACIÓN DE OBXECTIVOS

- Establecer un documento - guía que permita promover as medidas de atención a diversidade axeitadamente.
- Desenvolver as medidas de atención á diversidade previstas na lexislación vixente, en caso necesario, para atender ás necesidades do alumnado.
- Colaborar co equipo directivo e docente na implementación das medidas de atención á diversidade.
- Realizar as avaliacións psicopedagóxicas pertinentes e posteriores informes psicopedagóxicos.
- Normalizar o máximo posible a atención educativa do alumnado con N.E.A.E. e adaptar unha resposta as súas necesidades.
- Continuar coas medidas de atención á diversidade de se precisar mediante a coordinación co I.E.S. Fin do Camiño.
- Establecer e promover programas de prevención de posibles dificultades de aprendizaxe: Programa de Estimulación da Linguaxe, Oral , Intelixencia Emocional,….
- Asesorar, orientar e ofrecer recursos ao profesorado na planificación de actividades de apoio e reforzo, criterios metodolóxicos, avaliación,…
- Deseñar criterios de organización da aula e agrupamentos buscando a flexibilidade.
- Dinamizar a coordinación das actuacións dos titores, profesorado de apoio,... para a resposta ás necesidades dos/as alumnos/as.

- Intercambio de información entre o profesorado do ciclo anterior ou dun curso a outro ou dunha etapa a outra.
- Asesorar aos pais e nais sobre o proceso educativo dos/as seus/súas fillos/as.
- Facilitar a relación familia - titores, que permita un mellor coñecemento do alumnado e unha actuación previsora ou correctora efectiva dos problemas de aprendizaxe ou condutuais que poidan xurdir.
- Deseñar programas para o tratamento de problemas puntuais: hábitos e técnicas de estudo, problemas condutuais, desinterese e desmotivación polo estudio…

## 7. DESCRICIÓN DAS ACTUACIÓNS, MEDIDAS E/OU PROGRAMAS PARA ATENCIÓN A DIVERSIDADE.

As medidas de atención á diversidade clasifícanse en ordinarias e extraordinarias e están recollidas no P.X.A.D e nas concrecións anuais que constarán na PXA.

### MEDIDAS ORDINARIAS:

Aquelas que faciliten a adecuación do currículo prescritivo, sen alteración significativa dos seus obxectivos, contidos e criterios de avaliación, ao contexto sociocultural dos centros educativos e ás características do alumnado.

Estas medidas teñen como finalidade dar resposta ás diferencias en competencia curricular, motivación, intereses, relación social, estratexias, estilos e ritmos de aprendizaxe, e están destinadas a facilitar a consecución dos obxectivos e competencias establecidas nas diferentes ensinanzas. Son:

- Adecuación da estrutura organizativa do centro (horarios, espazos,...) e organización da xestión das aulas ás características do alumnado.
- Adecuacións das programacións tendo en conta as NEAE.
- Metodoloxías baseadas no traballo colaborativo, titoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos e outras que promovan a inclusión.
- Adaptación de tempos e instrumentos ou procedementos de avaliación.
- Reforzo educativo por parte do mestre na área que o alumno/a necesite.
- Programas de reforzo nas áreas instrumentais básicas, para os alumnos/as con materias non superadas e exención da 2ª lingua estranxeira cara 1º da ESO.
- Exención da lingua galega en 5º e 6º nivel de E.P.
- Medidas e actuacións destinadas á mellora da convivencia (Programas de habilidades sociais, Programas de intelixencia emocional ...)

**MEDIDAS EXTRAORDINARIAS:**

Aquelas dirixidas a dar resposta ás necesidades educativas do alumnado con NEAE (Necesidade Específica de Apoio Educativo que requiren modificacións significativas do currículo ordinario e/ou supoñer cambios esenciais no ámbito organizativo, así como, de ser o caso, nos elementos de acceso ao currículo ou na modalidade de escolarización. Aplicaranse unha vez esgotadas as de carácter ordinario ou por resultaren estas insuficientes.

Entre elas:

- Adaptacións curriculares.
- Apoio do profesorado especialista en Pedagoxía Terapéutica e/ou en Audición e Linguaxe.
- Flexibilización da duración do período de escolarización.

Para levar a cabo estas medidas, será necesario que así o aconselle a *Avaliación Psicopedagóxica* realizada polo departamento de orientación, sendo o procedemento para a demanda de intervención do dito servizo o seguinte:

- Comunicado do/a titor/a á dirección do centro, e/ou D.O da necesidade de que o departamento realice esa Avaliación Psicopedagóxica
- Recheo por parte do demandante do modelo de derivación ao D.O
- Autorización por parte da familia e/ou titor/a da Avaliación psicopedagóxica.
- Informar os pais/nais ou titores legais
- Proceso de avaliación
- Informe e proposta xustificada da medida a adoptar.

Os profesionais que se encargarán de levar a cabo as diferentes medidas de atención á diversidade serán:

| | |
|---|---|
| Reforzo educativo | **Mestres/as de cada área**, prioritariamente nas instrumentais, lingua castelá, lingua galega e matemáticas (Orde do 6 de Outubro de 1995).<br>- Afecta a elementos non prescritivos do currículo, secuencia de contidos, formas e instrumentos de avaliación, organización da aula, agrupamentos na propia aula e todo o incluído dentro do ámbito da metodoloxía.<br>- Reflíctese no expediente académico. Non consta no libro de escolaridade.<br>-Será elaborado polo profesor /a que imparte a materia.<br>-Desenvólvese no contexto da aula |
| | |

| | |
|---|---|
| Apoio educativo | **Mestres/as de PT-AL** e/ou intervención por parte do Mestre/a de Pedagoxía Terapéutica e/ou mestre/a de Audición e Linguaxe. |
| Adaptacións curriculares | **Mestres/as de cada materia adaptada.** (Orde 6 de outubro de 1995) para as que xa existe unhas pautas -guía para a súa elaboración no Departamento de Orientación. |
| Flexibilización da duración do período de escolarización. | - Informe do titor/a e do equipo de mestres<br>- Autorización da Dirección do centro educativo<br>- Autorización da Inspección Educativa.<br>(Orde do 27 de decembro de 2002) |
| Exención da 2ª lingua estranxeira (na E.S.O) | Informe da persoa titora da etapa anterior coa colaboración do D.O.(Orde 6 Setembro de 2007) |
| Exención da lingua galega no 5º e 6º nivel de E.P | O alumnado que se incorpore ao 5º e 6º nivel da E.P. procedente doutra comunidade ou país, durante 2 cursos poderá estar exento desta lingua. Deberá asistir igualmente a esta área.( D. 79/2010 do 20 de maio de Plurilingüismo, e Orde do 10 febreiro de 2014) |

## 8. DETERMINACIÓN DOS CRITERIOS PARA A ORGANIZACIÓN E DISTRIBUCIÓN DOS RECURSOS E A APLICACIÓN DAS MEDIDAS PROPOSTAS

A atención do alumnado considerado con necesidade específica de apoio educativo na Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (LOE ) , parcialmente modificada pola Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa, (LOMCE ), deberá axustarse aos seguintes **criterios e principios xerais de actuación**:

- A atención á diversidade rexerase polos principios de normalización de servizos, flexibilidade na resposta educativa, de prevención, inclusión, equidade, igualdade de oportunidades e a de atención personalizada si se considera preciso.

· A atención á diversidade abranguerá a totalidade do alumnado, quen deberá contar coas medidas e recursos educativos que respondan ás súas necesidades e características persoais.

· Nas decisións pedagóxicas, organizativas e de xestión dos centros educativos terase en conta a atención á diversidade así como o tratamento por competencias básicas en tales medidas.

· Na resposta educativa á diversidade priorizaranse as medidas de atención á diversidade de carácter ordinario e normalizador. As de carácter extraordinario só se levarán a cabo unha vez esgotadas as anteriores, e de maneira excepcional.

- A intervención educativa basearase nun enfoque multidisciplinar e de colaboración e coordinación entre os diferentes profesionais implicados (orientación cos seus compoñentes, titores, equipo directivo, etc.).

· As nais, pais ou titores e titoras legais do alumnado recibirán, de forma individualizada, a necesaria información e asesoramento respecto das características e necesidades do alumnado, así como das medidas que se deberán adoptar para a súa atención no centro educativo.

· A formación, a innovación e a difusión de boas prácticas na atención á diversidade serán accións que se deberán promover para a mellora continuada da calidade educativa.

· A atención educativa a alumnos/as con necesidades educativas especificas estará integrada na actividade normal da aula e será responsabilidade do mestre/a de cada área.

· Para o cumprimento destas funcións tanto o profesorado especialista, como do profesorado titor, contarán co apoio e asesoramento dos membros do Departamento de Orientación.

· Todas as programacións deben recoller o apartado correspondente ás liñas establecidas nel para a atención á diversidade.

· Os alumnos/as con ACS, como norma xeral, realizarán os exames na aula ordinaria.

· As medidas e as liñas de actuación no eido de atención á diversidade concrétanse neste Plan, que terá carácter preventivo adiantándonos á aparición de alumnado con posibilidade de fracaso escolar, e un carácter reeducador e terapéutico aplicando medidas e estratexias ante a detección de dificultades de aprendizaxe e de necesidades educativas específicas.

· Cada medida deberá estar explicitamente destinada ao alumnado segundo se decida, e non se disporán medidas de atención á diversidade (salvo decisión excepcional) que interfiran entre elas na súa organización e funcionamento, por exemplo, o apoio educativo nunha materia concreta.

Para a ***toma de decisións*** (organización, recursos e aplicación das medidas) de maneira máis concreta, seguirase o seguinte proceso:

ACTUACIÓN PREVIAS:

· Ao comezo de cada curso realizaranse as xuntanzas (precisas) dos mestres/as de cada curso, a requirimento da dirección do centro e con anterioridade ao comezo da actividade lectiva do curso para concretar as propostas que se poidan realizar de xeito inmediato.

· Avaliación Inicial segundo a Orde do 23 de novembro de 2007.

· Revisión das medidas de atención á diversidade en marcha.

·Modificación (se é preciso) do acordado nas reunións a comezos de cada curso.

·Detección temperá de posibles dificultades de aprendizaxe que non se detectasen con anterioridade.

· Propostas de novas medidas educativas para o alumnado que o precise.

· Posibles cambios, organizativos, apoios, reforzos, etc.

· Recompilación da información e valoracións dos mestres sobre o alumnado de cambio de ciclo.

· Valoración da avaliación diagnóstica.

· Valoración das avaliacións iniciais de competencia curricular, realizados polos mestres/as e se fose preciso para o alumnado con dificultades de aprendizaxe ou A.C.S.

· Departamento de Orientación: contribución mediante probas e/ou cuestionarios: aptitudes, motivación, hábitos de estudio, estilo de aprendizaxe, etc. Neste momento a proba elixida é a "Batería de Aptitudes Diferenciais e Xerais ” BADYG, Evalúa e Rexistro Fonolóxico Inducido.

· **Avaliacións previas** a cada sesión ordinaria para valorar concretamente a evolución do alumnado con **ACS**.

· Superación ou non das áreas (principalmente nas A.C.S. para cuestionar a posibilidade de continuar con esta medida ou desbotala).

· Grao de adquisición das CC.BB.

· Nivel de traballo e comportamento.

· Posibles modificacións, melloras ou novas propostas ás medidas que o alumnado ten.

· Revisión e valoración da evolución do alumnado con medidas de atención á diversidade e velar pola idoneidade das mesmas.

· Na última avaliación realizarase unha valoración máis concreta e cobertura de informes pertinentes de alumnado e incluso propostas provisionais para o próximo curso a incluír na memoria do departamento.

*ACTUACIÓNS CON POSTERIORIDADE*

A revisión das medidas de atención á diversidade poñeranse de manifesto na CCP, para a súa e modificación, renovación e/ou mellora.

No marco das **actuacións xerais** destinadas a adecuar a resposta educativa á diversidade, o centro docente, mediante os seus órganos deberá:

· Tomar as decisións e adoptarás ás medidas que optimicen a acción educativa, respondan ás necesidades do alumnado e contribúan á consecución das competencias básicas e dos obxectivos das diferentes etapas e ensinanzas.

· Concretar e desenvolver os principios de atención á diversidade nas decisións de carácter pedagóxico, organizativo e de xestión do centro.

· Optimizar a organización dos recursos do centro para atender e dar resposta ás necesidades de todo o alumnado, en particular daquel con necesidade específica de apoio educativo.

· Potenciar a acción titorial e orientadora por parte de todo o profesorado.

· Promover a implicación das nais, pais ou titores e titoras legais do alumnado no proceso educativo.

· Impulsar a participación do profesorado en actividades de formación e innovación, así como o intercambio de experiencias no ámbito da atención á diversidade.

· Adoptar, no ámbito da súa autonomía, cantas outras actuacións favorezan a atención á diversidade.

## 9. MECANISMOS DE COORDINACIÓN E COLABORACIÓN INTERNOS, ASÍ COMO CON OUTRAS ETAPAS EDUCATIVAS E CO CENTRO ADSCRITO

Os mecanismos de coordinación serán fundamentalmente os seguintes:
· Xuntanzas previas ao comezo das actividades lectivas a requirimento da xefatura de estudios.
· Reunión inicial de curso.
· Xuntanza de titores no departamento de orientación semanalmente ou cando así o soliciten.
· Reunión do departamento de orientación.
· Reunión de coordinación con xefatura de estudos semanalmente.
· Reunión de Comisión de Convivencia.
· Reunións trimestrais de departamento co orientador/a do centros adscrito.
· Reunións Orientación-equipos directivos trimestralmente.

## 10. CANLES DE COLABORACIÓN COAS NAIS, PAIS OU TITORES E TITORAS LEGAIS DO ALUMNADO E COS DIFERENTES SERVIZOS EXTERNOS AO CENTRO.

· Pais-nais-titores legais: informarase de todo o proceso.
· Procedemento para obter copia da documentación.
· EOE, realizarase demanda e posterior intervención cando se valore a pertinencia na reunión de departamento e atendendo aos parámetros e criterios de demanda que o propio equipo ten. Os especialistas do EOE:
- Discapacidades sensoriais.
- Trastornos de conduta
-Trastornos xeneralizados do desenvolvemento.
- Sobredotación intelectual.
- Discapacidades motoras.
- Audición e linguaxe.
-Traballo social.
· Educadora familiar do concello: coordinación trimestral.
· Centros de saúde.
· Centros hospitalarios de Coruña e Cee.
· S.A.T ( Servizo de Atención Temperá ) Ézaro/ Vimianzo.
Procedemento para garantir o dereito dos pais/nais e/ou persoa titor/a legal a obter copia do informe psicopedagóxico ou/e outros do expediente académico.

No caso de que unha nai/pai ou persoa que exerce a titoría legal dun alumno/a demande o citado informe, valorarase si é suficiente con que se lle informe do seu contido ben de forma verbal ou de forma resumida no que atinxe aos aspectos máis salientables.

De ser axeitado indicaráselle que o solicite expresamente (por escrito) mediante o formulario de solicitude de informe psicopedagóxico e outros documentos.

A dirección do centro realizará as xestións necesarias para facer entrega do dito documento á persoa solicitante, logo de verificar que pode ser destinataria do mesmo de conformidade co que establece o artigo 35.2 do decreto 229/2011.

Calquera petición de informe psicopedagóxico que non estea solicitado polo pai/nai ou persoa que exerce a titoría legal dun alumno/a, non debe ser facilitado, agás que se trate dunha petición de instancia superior da Consellería de Educación a través da inspección educativa ou por petición expresa dun xulgado ou en base a unha norma ou protocolo autorizado pola Consellería de educación que o ampare.

O documento que se debe de entregar é o que figure no expediente do alumno/a e non exemplares posteriormente modificados ou adaptados que non sexa o que realmente se demanda e que figura no expediente do alumno/a en cuestión.

A entrega debe documentarse, citando ao solicitante para que o veña a recoller de forma presencial no centro, asinando o recibín do mesmo, segundo o formulario de recollida de informe psicopedagóxico e outros documentos..

En casos excepcionais poderase remitir mediante correo certificado con acuse de recibo.

Os informes que se realizan por parte de especialistas dos EOE, e que teñen como destino inicial á inspección educativa teñen o mesmo tratamento que os informes psicopedagóxicos dos departamentos de orientación dos centros, en tanto que forman tamén parte do expediente do alumnado.

As probas e/ou exames de avaliación: tan só existiría a obriga de informar dos resultados e criterios de corrección así como das orientacións precisas ao titor legal, pero non así da obriga de facilitar copia.

Deben ser custodiados polo profesorado correspondente, cando menos ata tres meses despois de finalizada a avaliación final e non está contemplado na normativa facilitar copia aos pais/nais, aínda que o soliciten expresamente. Unicamente poderá ser requirida copia ou un exemplar por parte da inspección educativa.

Calquera comunicación que se produza ao exterior do centro debe ser efectuada pola dirección ou co seu coñecemento e consentimento.

## 11. PROTOCOLOS PARA SOLICITUDE E/OU AUTORIZACIÓN DAS MEDIDAS EXTRAORDINARIAS.

O centro educativo e o Departamento de Orientación contan cos modelos de solicitude e distintos protocolos para garantir un axeitado funcionamento.

· PROTOCOLO DE DERIVACIÓN AO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

· MODELO DE AVALIACIÓN PSICOPEDAGÓXICA

· INFORMACIÓN E AUTORIZACIÓN DA FAMILIA DAS MEDIDAS DE ATENCIÓN A DIVERSIDADE.

· ACTA DE XUNTANZA PARA ACORDO ACS

· AUTORIZACIÓN DE ACS FAMILIA

· MODELO DE FORMULACIÓN DUNHA ACS

· SEGUIMENTO E AVALIACIÓN TRIMESTRAL DE ACS

· INFORME DE APOIO A ACS

· BAIXA NAS MEDIDAS DE ATENCIÓN A DIVERSIDADE

· EXENCIÓN DA ÁREA DE LINGUA GALEGA (existe un formulario oficial).

· EXENCIÓN DA MATERIA SEGUNDA LINGUA ESTRANXEIRA.

· SOLICITUDE DE INFORME PSICOPEDAGÓXICO E OUTROS DOCUMENTOS.

· RECOLLIDA DE INFORME PSICOPEDAGÓXICO E OUTROS DOCUMENTOS.

· MODELO DERIVACIÓN EOE (O PROPOSTO EN PDF-FORMULARIO POLO EOE NA SÚA WEB)

## 12. PROCESOS DE SEGUIMENTO, AVALIACIÓN E MELLORA DO PLAN…

O proceso de avaliación do plan para coñecer o grao de consecución de obxectivos e posibles erros ou modificacións para accións posteriores ten un carácter continuo en tres momentos básicos:

**Avaliación Inicial:** Coa finalidade de coñecer de maneira continuada e en cada curso o punto dende onde se debe iniciar a intervención. Permite coñecer a realidade e necesidades do alumnado (coas xuntanzas, revisión de información, observación directa etc.)

**Avaliación de seguimento:** Implica a recollida sistémica de datos, a súa análise e conseguinte toma de decisións , mentres ten lugar a implantación do Plan, o que nos permite facer un seguimento do mesmo e a súa reorientación, en caso de ser necesario.

Para realizar o seguimento e avaliación da calidade do Plan, teremos en conta as valoracións que se acorde nas distintas xuntanzas que levaremos a cabo ao longo do curso ( CCP, DO, Titores, avaliacións …).

**Avaliación final e revisión:** Adoita funcións tanto sumativa, para analizar a consecución dos obxectivos, como formativa, retroalimentando a nosa intervención á vista do conseguido e tomar as decisións oportunas para a mellora do propio proceso.

Esta avaliación faise tendo en conta os seguintes criterios de avaliación:

· Grao de consecución dos obxectivos.

· Grao de eficacia das medidas de atención á diversidade

· Grao de adecuación das medidas as necesidades e dificultades dos alumnos valorando a súa evolución tanto académica como profesional.

· Adecuación dos materiais e recursos empregados.

· Colaboración e implicación das familias.

Ademais nesta **avaliación final** teranse en conta:

· As intervencións realizadas e o seu grao de cumprimento

· A síntese reflexiva dos logros acadados,

· As dificultades e obstáculos atopados ,

· Os aspectos a mellorar,

· As modificacións introducidas,

· Propostas de mellora recollidas ao longo do curso e as propostas de innovación necesarias.

Durante todo o proceso e por parte de todos os responsables -avaliación compartida-, irase recollendo informacións e suxestións que permitan reorientar o Plan, tendo en conta ademais as observacións do equipo directivo.

Cada curso realizarase unha revisión e modificación das cuestións máis relevantes deste Plan Xeral de Atención á Diversidade (PXAD) que serán recollidas na Programación Xeral Anual do centro no seu apartado correspondente.

## 13. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE NO CURSO

A necesidade de establecer medidas de atención á diversidade están establecidas no noso PE, como: A FORMA DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

Entre o alumnado con NEAE escolarizado no centro, contamos cos seguintes :

-Unha alumna de 4º de Educación Infantil con dictame de escolarización e matrícula de praza para alumnado con Necesidades Específicas de Apoio Educativo, diagnosticada de Trastorno do Neurodesenvolvemento compatible con Trastorno do Espectro Autista cun grao de discapacidade do 36%. Recibe axuda compartida dunha ATE (Auxiliar Técnica Educativa).

-Unha alumna de 2º de Primaria, con reserva de matrícula de praza para alumnado con Necesidades Específicas de Apoio Educativo, en 4º de Educación Infantil, diagnosticada con Parálise Cerebral infantil tipo diparesia espástica e Retardo global do desenvolvemento, con

grao de discapacidade do 38%. Recibe axuda compartida dunha ATE (Auxiliar Técnica Educativa).

- Un alumno de 6º de Educación Infantil que presenta un Trastorno do Neurodesenvolvemento compatible con Trastorno do Espectro Autista , ten recoñecido un grao de discapacidade do 39%.

-Unha alumna matriculada no curso 2018-19, que agora cursa 1º de Educación Primaria, que presenta alerxia alimentaria, está incluída no Programa de Alerta Escolar, por solicitude da familia. En caso de crise, chamar ao 061, seguindo as instrucións do Protocolo de Urxencias Sanitarias e Enfermidades Crónicas.

-Un alumno procedente doutro centro educativo que se incorporou a este centro o curso 2019-20, en 1º curso de Educación Primaria, cun informe externo de altas capacidades intelectuais.

-Varios alumnos diagnosticados de TDAH de diferentes niveis que recibirán R.E. tanto dentro como fóra da aula ordinaria, segundo o precisen.

-Varios alumnos/as con dislalias, retraso no desenvolvemento e na linguaxe e dificultades de aprendizaxe nas áreas instrumentais básicas.

-Un alumno procedente de República Dominicana, matriculado en 6º de Educación Primaria , con exención da lingua galega, seguindo o disposto no Decreto 79/2010, do 20 de maio para o Plurlingüismo no ensino non universitario de Galicia ( artigos 18 e 19).

Na **Educación Infantil** temos en funcionamento as seguintes medidas de atención á diversidade:

Medidas ordinarias:

- Plan de Acollida no centro ao novo alumnado.
- Programa de Estimulación da Linguaxe Oral impartido polo mestra de AL 1 sesión semanal a cada grupo de 3 e 4 e 5 anos entre 45 e 50 minutos.
- Aplicación de diferentes probas madurativas.

Medidas extraordinarias:

Intervención da mestra de AL fóra da aula.

Na **Educación Primaria** están en funcionamento as seguintes medidas:

Medidas ordinarias:

- Reforzo educativo por partes dos titores nas áreas que o alumnado ten máis dificultades.
- Programas de reforzo específicos para alumnado repetidor ou que leven materias suspensas do curso anterior.

-Organización dos tempos e espazos para garantir un desenvolvemento das aprendizaxes, especialmente cos especialistas de PT e AL.

- Adaptación das programacións didácticas a aquel alumnado que por historia escolar e/ou NEAE asociadas a NEE sensoriais, TDAH,....

- Apoio dunha mestra con dispoñibilidade horaria.
- Aplicación de probas madurativas.
- Coordinación co IES para a nova incorporación de alumnado.
- Intervención por parte do D.O en dinámicas grupais de habilidades sociais, intelixencia emocional, convivencia , resolución de conflitos....

Medidas extraordinarias:

-Intervención da mestra de AL a 10 alumnos/as na etapa con dislalias, retraso global do desenvolvemento , atraso simple da linguaxe, dificultades de aprendizaxe , razoamento e lectura.

- Intervención da mestra de PT a 21 alumnos/as con NEAE, dificultades de aprendizaxe nas áreas instrumentais básicas, retraso global do desenvolvemento , atraso simple da linguaxe, dificultades de aprendizaxe , razoamento e lectura, un alumno diagnosticado con Tdah , e alumnado pendente de valoración por posibles trastornos como TEA.

Outras accións que se levan a cabo dende o centro:

- Coordinación e seguimento cos servizos externos ao centro:
- Hospital Virxe da Xunqueira, Servizo de Psicoloxía.
- Centro de saúde de Fisterra, Servizo de Pediatría.
- Educadora familiar do concello de Fisterra.
- S.A.T ( Servizo de Atención Temperá) de Ézaro e Vimianzo.
- Outros servizos externos ( Impulso, Komuníkate, Razoa) aos que acude alumnado do centro.
- Coordinación, seguimento e intervención coas familias:
- Reunións a comezos de cursos co alumnado de nova incorporación.
- Reunión trimestrais con aquel alumnado que presenta NEAE.
- Pautas ás familias á hora de facer unha intervención conxunta.
- Información por parte dos titores/as e D.O.

Distribución horas de PT e A.L. Alumnado que no curso 2021/2022 recibirá apoio das mestras especialistas de Audición e Linguaxe e Pedagoxía Terapéutica.

| **APOIO MESTRA ESPECIALISTA AUDICIÓN E LINGUAXE** | | |
|---|---|---|
| CURSO | NECESIDADE EDUCATIVA | Nº SESIONS |
| 1 alumna de E.I. 3 anos | Trastorno do Neurodesenvolvemento compatible con Trastorno do Espectro Autista | 2 de 25´ |

| | | |
|---|---|---|
| 1 alumna de E.I 4 anos | Linguaxe inintelixible | 2 de 25´ |
| 1 alumno de E.I 5 anos | Trastorno do Neurodesenvolvemento compatible con Trastorno do Espectro Autista | 2 de 25´ |
| E.I 3 anos | PELO | 1 sesión de 50´ |
| E.I 4 anos | PELO | 1 sesión de 50´ |
| E.I 5 anos | PELO | 1 sesión de 50 |
| 1 Alumno de 1º de EP | Dificultades de aprendizaxe derivadas de falta de atención, baixo nivel de razoamento e memoria a curto prazo, e dislalias. | 3 de 50´ |
| 1 alumno de 1º EP | Dificultades de conciencia fonolóxica, confusión de letras. Dislalias. | 2 sesións de 50´ |
| 1 alumna de 1º EP | Trastorno do Neurodesenvolvemento compatible con Trastorno do Espectro Autista | 2 sesións de 50´ |
| 1 Alumno de 3º de EP | Dificultades de aprendizaxe, comprensión e retraso na linguaxe. Vocabulario pobre. | 3 de 50´ |
| 1 Alumno de 3º de EP | Dislalias. | 1 de 50´ |
| Alumno de 4º EP | Retraso madurativo, dificultades de linguaxe en todos os seus ámbitos, tamén presenta sialorrea. | 2 de 50´ |

| **APOIO MESTRA ESPECIALISTA PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA** | | |
|---|---|---|
| CURSO | NECESIDADE EDUCATIVA | Nº SESIÓNS |
| 1 alumna de EI 3 anos | Trastorno do Neurodesenvolvemento compatible con Trastorno do Espectro Autista. | 3 sesións de 50´ |
| 1 Alumno de 6º EI 5 anos | Problemas de comportamento, presenta conducta disruptiva na aula. Disficultades atencionais. | 2 sesións de 50´ |

| | | |
|---|---|---|
| 1 Alumno de 6º EI 5 anos | Trastorno do Neurodesenvolvemento compatible con Trastorno do Espectro Autista | 2 sesións de 50´ |
| 1 Alumna de 1º EP | Trastorno do Neurodesenvolvemento compatible con Trastorno do Espectro Autista. | 2 sesións de 50´ |
| 1 Alumno de 1º EP | Dificultades de atención, concentración. | 1 sesións de 50´ |
| 1 Alumno de 1º de EP | Diagnosticado de Trastorno Global do desenvolvemento e dificultades de comunicación a nivel expresivo. | 3 sesións de 50´ |
| 1 alumna de 2º EP | Parálise cerebral. Retraso global do desenvolvemento. | 5 sesións de 50´ |
| 1 Alumno de 3º EP | Dificultades de aprendizaxe nas áreas instrumentais básicas. | 4 sesións de 50´ |
| 2 Alumnos de 4º EP | Problemas de conducta. | 2 sesións de 50´ |
| 1 Alumno 5ºEP | TDA | 3 sesións de 50´ |
| 2 alumnos 5º EP | Dificultades de atención. | 3 sesións de 50´ |
| 4 alumnos de 6º EP | Dificultades de aprendizaxe nas áreas instrumentais básicas. | 2 sesións de 50´ |
| 1 alumno de 6º EP | Presenta desfase curricular. Alumno de nova incorporación o curso anterior. | 3 sesións de 50´ |
| 1 alumno de 6º EP | Alumno de nova incorporación. Presenta Trastorno de aprendizaxe lectoescritor. Ten ACS. | 3 sesións de 50´ |

"As nais, pais ou titores e titoras legais do alumnado deberán ser informados dos resultados das avaliacións psicopedagóxicas e das medidas propostas, e terán dereito a obter copia do informe psicopedagóxico nas condicións que estableza a consellería con competencias en materia de educación" ( artigo 35. 2 do decreto 229/2011 que regula a atención á diversidade).

PROGRAMCIÓN DE A.L.

## 1. INTRODUCIÓN.

Como mestra especialista en Audición e Linguaxe, realizo a seguinte programación para o curso escolar 2021-2022.

Trátase dun plan global e coherente que serve coma punto de referencia estable para o meu labor educativo en situacións de clarificación das actuacións levadas a cabo no centro con necesidades específicas de apoio educativo (en adiante NEAE).

É un documento que artilla aqueles aspectos que afectan ao alumnado con NEAE do noso centro, polo que é a guía dos programas que se levan a cabo no entro para a atención a diversidade, é o soporte que coordina os recursos dispoñibles para o traballo con dito alumnado, ademais de ser o medio que recolle a metodoloxía que se axusta para as intervencións con aqueles alumnos e alumnas que precisen atención educativo diferente á ordinaria, e é o documento que establece os diferentes procedementos de avaliación a levar a cabo cos mesmos e co propio plan.

As bases lexislativas deste documento responden ao regulamento orgánico do centro educativo no que se establece un marco para a axuda educativa específica como unha garantía de igualdade de oportunidades para todo o alumnado; cinguíndose deste xeito ao descrito na LOMLOE ao respecto e ao desenvolvemento normativo das leis anteriores,LOMCE, LOE e LOGSE. Partindo deste modo dun currículo que establece como principio fundamental a atención a diversidade co obxectivo de proporcionar a todo o alumnado unha atención axeitada as súas características e necesidades, compensando deste xeito as desigualdades .

A atención que se lle presta a este alumnado e se recolle neste plan, parte do que se entende no **Decreto 229/2011**, do 7 de decembro como o conxunto de medidas e accións que teñen como finalidade adecuar a resposta educativa ás diferentes características e necesidades de todo o alumnado, potencialidades , ritmos e estilo de aprendizaxe, motivacións , intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado. Estas medidas e accións implican a toda a comunidade educativa e deben concretarse nas propostas curriculares e organizativas que teñan en conta a pluralidade todo o alumnado.

No presente documento o plan de traballo dirixido ao alumnado con NEAE asociada a dificultades nalgún ou en todos os compoñentes da competencia comunicativo-lingüística do CEIP “MAR DE FÓRA” situado no concello de Fisterra.

Debemos ter en conta o carácter itinerante da praza de mestre de Audición e Linguaxe, que neste vindeiro curso, abarca 2 centros do concello de Fisterra, coa distribución semanal que figura a continuación:

-CEIP MAR DE FÓRA: 3 días e medio á semana (luns,mércores, xoves e 3 sesións do venres).

-CEIP AREOUTA (SARDIÑEIRO): 1 día e medio á semana (martes e 2 sesións do venres).

O meu horario como especialista de Audición e Linguaxe queda configurado do modo que se pode ver na seguinte táboa:

| LUNS | MARTES | MERCORES | XOVES | VENRES |
|---|---|---|---|---|
| *CEIP MAR DE FÓRA* | *ITINERANCIA* | *CEIP MAR DE FÓRA* | *CEIP MAR DE FÓRA* | *CEIP MAR DE FÓRA* |
| *CEIP MAR DE FÓRA* | *CEIP AREOUTA* | *CEIP MAR DE FÓRA* | *CEIP MAR DE FÓRA* | *CEIP MAR DE FÓRA* |
| *CEIP MAR DE FÓRA* | *CEIP AREOUTA* | *CEIP MAR DE FÓRA* | *CEIP MAR DE FÓRA* | *CEIP MAR DE FÓRA* |
| *CEIP MAR DE FÓRA* | *CEIP AREOUTA* | *CEIP MAR DE FÓRA* | *CEIP MAR DE FÓRA* | *CEIP AREOUTA* |
| *CEIP MAR DE FÓRA* | *CEIP AREOUTA* | *ITINERANCIA* | *CEIP MAR DE FÓRA* | *CEIP AREOUTA* |

No presente curso académico desenvolverei as miñas funcións como docente na etapa de Educación Primaria, posto que a compañeira de Pedagoxía Terapéutica con perfil de Audición e Linguaxe atenderá ao alumnado de Educación Infantil. Ao abeiro do **decreto 374/1996**, do 17 de outubro, do Regulamento orgánico das escolas de educación infantil le e dos colexios de educación primaria e na **ORDE do 22 de xullo** pola que se regulan determinados aspectos de organización e funcionamento desenvolverei as minas funcións docentes , ademais de como membro do Departamento de Orientación, as seguintes funcións:

- Planificar os procesos de ensinanza-aprendizaxe que levaremos a cabo ao longo do curso na aula.
- Asegurar a coherencia entre as intencións educativas do centro e a miña práctica docente.
- Promover a reflexión da propia práctica educativa.
- Facilitar a progresiva implicación do alumnado no seu propio proceso de aprendizaxe.
- Atender á diversidade de intereses, motivacións e características do meu alumando.

## 2. DESTINATARIOS

Durante o curso 2021- 2022 recibirá atención especializada de Audición e Linguaxe o seguinte alumnado:

- Taller de estimulación da linguaxe oral na etapa de Educación Infantil (4º, 5º e 6º de Ed. Infantil).
- Atención ao alumnado de Educación Infantil e Educación Primaria con necesidades específicas de apoio educativo relacionadas coa linguaxe.

## 3. NECESIDADES EDUCATIVAS

O eixe vertebrador deste plan son as necesidades relacionas co alumnado, co centro e coas familias:

**Necesidades referidas ao centro escolar**:

- Necesidade de colaborar na detención e identificación temperá das necesidades educativas no ámbito da comunicación e a linguaxe.
- Necesidade de elaborar actuacións preventivas relacionadas coas dificultades na comunicación e na linguaxe.
- Necesidade de establecer relacións de colaboración entre o profesorado que atende ao alumnado con necesidades educativas.
- Necesidade de establecer liñas de intervención coordinada con axentes externos na atención ao alumnado con necesidades educativas.
- Necesidade de colaborar nas adaptacións das Programacións de Aula para atender ao alumnado con necesidades educativas.

.

**Necesidades referidas ao alumnado** son as seguintes:

- Necesidade de estimular e mellorar a competencia lingüística do alumnado.
- Necesidade de colaborar co resto do profesorado na elaboración de material específico.
- Necesidade de fomentar a implicación do alumnado nas tarefas educativas.
- Necesidade de prestar atención docente directa ao alumnado con necesidades educativas especiais no ámbito comunicativo-lingüístico.

**Necesidades referidas á familia** son as seguintes:

- Necesidade de promover a formación da familia con respecto ás necesidades dos seus fillos.
- Necesidade de fomentar a implicación da familia no proceso de ensino-aprendizaxe dos seus fillos.

## 4. OBXECTIVOS, CONTIDOS E ACTIVIDADES.

A partires das necesidades expostas no punto anterior, establecerei os obxectivos , contidos e actividades referidos ao centro, ao alumnado e ás familias.

**Referidos ao centro escolar**:

- Participar na detección e identificación das necesidades educativas relacionadas coa comunicación e a linguaxe.
- Colaboración na avaliación inicial no ámbito da comunicación e a linguaxe.
- Colaboración nas titorías para o establecemento de propostas de intervención relacionadas coas NEAE derivadas da comunicación e a linguaxe.
- Fomento e animación á lectura a través do uso da biblioteca
- Establecer relacións de **colaboración entre o profesorado** que atende ao alumnado con necesidades.
- Colaboración entre profesorado que atende ao alumnado con necesidades.
- Realización conxunta de materiais para que na titoría se poda traballar co alumnado con neae.

- Establecemento de Programas de Intervención conxuntos e coordinados co profesorado que interveña co alumnado con NEAE.
- Avaliacións periódicas e colaboración co Departamento de Orientación.
- Reunións periódicas entre o profesorado que atende ao alumnado con NEAE.
- Colaborar e coordinar actuacións cos **axentes externos** que colaboran na atención do alumnado con necesidades.
- Reunións periódicas entre o persoal docente do centro e os axentes externos que atenden ao alumnado con necesidades.
- Participar na elaboración das **adaptacións de aula** do alumnado con necesidades.
- Colaboración nas adaptacións curriculares.
- Revisión dos documentos curriculares do centro.
- Participación na avaliación psicopedagóxica, no ámbito da comunicación e a linguaxe.
- Participación na elaboración das Programacións de Aula para que as necesidades específicas derivadas da comunicación e a linguaxe se atendan de forma correcta.
- Reunións para decidir a idoneidade da adaptación curricular.
- Colaboración na revisión e avaliación da adaptación curricular.

**Referidos ao alumnado**:

- Elaborar **material adaptado** para o alumnado con necesidades educativas.
- Adaptar material da aula ou elaborar material propio para traballar co alumnado con NEAE.
- Prestar **atención docente directa** ao alumnado con necesidades educativas especiais no ámbito comunicativo-lingüístico.
- Intervención directa ao alumnado con necesidades educativas especiais no ámbito comunicativo-lingüístico.
- Colaboración na avaliación psicopedagóxica do alumnado con NEAE derivadas da comunicación e a linguaxe.
- Establecemento de contacto inicial cos pais, nais ou titores legais para obter información adicional necesaria para o proceso educativo.
- Consulta dos datos estritamente necesarios para poder exercer a miña función educadora coa orientadora do centro seguindo o **Protocolo de Protección de Datos de abril do 2016**.
- Deseño de Programas de Intervención que recollerán as distintas actividades coas que vou a traballar as dimensións da linguaxe alteradas.
- Elaboración de informes trimestrais e de seguimento pormenorizado do progreso do alumno.
- Reunións periódicas coa comunidade educativa para contrastar información, dar pautas e orientacións que teñan que ver co alumnado con NEAE.
- Elaboración de boletíns trimestrais.
- Establecemento de contextos que preparen o camiño e apoien a aprendizaxe da linguaxe nas interaccións comunicativas.

- **Referidos á familia**:
- Informar e dar **pautas de actuación ou recomendacións** relacionadas coas necesidades no ámbito da comunicación e a linguaxe e promover a **implicación** de forma activa no proceso educativo.
- Reunións para animar a participación da familia en actividades de linguaxe.
- Reunións periódicas para manter informada á familia.
- Implicación no proceso educativo.
- Reunións cando sexan precisas, información a través dos boletíns, correo electrónico, chamadas telefónicas, web da escola ou redes sociais.
- Comunicación bidireccional a través da axenda persoal do alumnado.

## 5. A INTERVENCIÓN NA ETAPA DE EDUCACIÓN INFANTIL.

Na Educación Infantil levarase a cabo en todos os cursos un programa de estimulación da linguaxe oral (PELO) que terá como obxectivos xerais os seguintes aspectos:

- Detectar de forma temperá posibles alteracións no ámbito comunicativo- lingüístico.

-Estimular e desenvolver a competencia comunicativa- lingüística.

-Favorecer unha maduración e desenvolvemento axeitado, o máis aproximado posible aos parámetros naturais da evolución da linguaxe.

- Empregar a linguaxe oral en situacións de interacción tanto naturais como provocadas mediante actividades lúdicas, globalizadoras…

- Previr e solventar na medida do posible as dificultades que poidan xurdir neste ámbito.

- Compensar lingüisticamente ao alumnado de ambientes socioculturais derivados.

- Axustar a intervención á realidade cotiá do centro e á contorna no que se desenvolve a actividade escolar.

## 6. ÁREAS DE INTERVENCIÓN.(En relación a intervencións específicas).

Cada alumno/a terá un programa de intervención individualizado, tendo en conta as súas características e necesidades específicas:

- **<u>Alteracións na adquisición da linguaxe</u>,** maduración lenta do desenvolvemento lingüístico, afectando a todas as dimensións da linguaxe tanto na vertente comprensiva coma expresiva.
- **Alteracións na adquisición da fala e dificultades no uso da linguaxe oral,** predominando as dificultades na articulación (dislalias).
- **Dificultades no proceso de adquisición da lectoescritura.**

## 7. METODOLOXIA

Propoñerei que o alumnado con NEAE desenvolva tarefas e retos que o inciten a mobilizar os seus coñecementos e habilidades tratando de achegar á escolar a vida diaria empregando un enfoque globalizado e partindo dos intereses do mesmo, das súas experiencias e dos seus coñecementos previos.

A proposta metodolóxica a empregar co alumnado que presenta NEAE no centro é activa, participativa, aberta e manipulativa o que permite que o noso alumnado se mova na ZONA DE DESENVOLVEMENTO PRÓXIMO, a través do proceso de andamiaxe. Os sistemas de facilitación que se usarán serán prioritariamente indirectos atendendo na medida das posibilidades e debido a situación xerada pola pandemia actual a demanda do alumnado en todos os aspectos educativos, cognitivos e persoais.

Empregaremos todas aquelas estratexias que nos permita a situación actual, e sempre que a ensinanza sexa presencial, baseadas no traballo colaborativo dos grupos burbulla creados, creando un ambiente de confianza e seguridade, contando coa colaboración das familias, a socialización e o respecto polas diferenza individuais e aquelas outras que promovan a inclusión

O xogo será o recurso metodolóxico empregado de xeito diario, posto que consideramos e así o avalan as novas correntes pedagóxicas que a través deste favorecese a adquisición de multitude de valores e competencia clave como son a competencia comunicativo-lingüística, a competencia aprender a aprender, a competencia social e a cívica, ademais de ser o vehículo idóneo para fomentar a creatividade..

Todas as sesións que se leven a cabo diariamente, estarán coidadosamente programadas de antemán para evitar achegamentos metodolóxicos homoxéneos pero tendo en conta sempre que esa programación será aberta e flexible.

Coas **familias** establecerei vínculos de colaboración para que se impliquen na consecución dos obxectivos establecidos tanto neste Plan como nos Programas de Intervención a través de entrevistas persoais sempre que faga falta, correos electrónicos ou chamadas telefónicas, dípticos/trípticos informativos e reunións que organice o centro nas que me implicarei para orientar sobre como previr situacións de risco que puideran desembocar nalgún tipo de alteración da linguaxe e/ou comunicación.

Da mesma forma, coordinareime co resto do **profesorado**, a través de: reunións trimestrais ou sesións de avaliación, claustros, reunións informativas, coas axendas persoais do alumnado e resolvendo e traballando nas dúbidas que xurdan dunha maneira conxunta.

No caso dun posible **abrocho**, e por mor deste non puidese darse o ensino presencial, empregaremos os **medios telemáticos** postos a disposición do profesorado para levar a cabo as nosas funcións docentes, ademais de manter o contacto coas familias e fornecer contidos educativos que implican a todo o alumnado do noso centro, a través da aula virtual, videochamadas a través da aplicación ofertada pola consellería, correos electrónicos, chamadas telefónicas e mensaxeira Abalar e outras medidas recollidas no Plan de Continxencia.

## 8. RECURSOS

O centro no que me atopo conta con recursos tanto materiais, como persoais e organizativos para atender ás necesidades do alumnado.

En recursos materiais atopamos todo o material que se encontre no centro susceptible de ser empregado na intervención co alumnado NEAE. Empregaremos sempre que sexa posible as pizarras dixitais das aulas, a tableta e das diferentes ferramentas TIC´s que hai no colexio, ordenadores e tabletas con acceso a internet que hai nas aulas e na biblioteca favorecendo a motivación cara o traballo e desenvolvendo a competencia dixital.

Propoñemos para este curso a creación dun banco de recursos a disposición do centro, ademais do uso dos seguintes materiais. Fonético-fonoloxico (reeducación fonética, discriminación auditiva..), morfosintáctico (pictogramas, Enseñame a hablar…), léxico-semántico (vocabulario, lotos, contrarios, imaxes..), de asociación e/ou categorización, de intervención nas dificultades lectoras, programas informáticos, apps e programas de intervención individualizados.

Dentro dos recursos humanos temos:

**Recursos humanos internos**, teremos presente ao titor/a do alumnado, Mestres especialistas de Educación Musical  e Educación Física, Mestres/as de apoio nos que me inclúo, Departamento de Orientación, Comisión de Coordinación Pedagóxica, e persoal non docente como é a coidadora; e **os recursos humanos externos**, estableceremos canles de comunicación dinámicas e activas cos gabinetes aos que asiste o noso alumnado e coas diversas asociación profesionais, coma os mesmos familiares.

Dentro dos **recursos organizativos**, tal e como se reflexa no ***Decreto 229***, priorizaranse as medidas de carácter ordinario e normalizador deixando as de carácter extraordinario para levarse a cabo unha vez que se esgoten as anteriores.

## 9. TEMPORALIZACIÓN

As actividades que faga tanto a nivel de centro como co alumnado con NEAE, temporalizaranse ao longo do curso de maneira trimestral de modo que poderá haber actuacións que se ubicaran tanto nun trimestre coma en todos.

E calquera momento do curso poderei levar a cabo, sempre que sexa necesario, calquera das seguintes actuacións:

- Colaborar nas avaliacións psicopedagóxicas sempre que o solicite a Xefa do Departamento.
- Colaborar na avaliación e seguimento das adaptacións curriculares, reunións de seguimento e coordinación coas familias, persoal docente e non docente e axentes externos.
- Participar nas sesións de avaliación do alumnado e

- Realizar os informes trimestrais.

A maiores no **1º trimestre** as actuacións que se levarán a cabo serán:

- Realizar a avaliación inicial do alumnado con NEAE que recibirá atención directa pola mestra de AL.
- Deseñar e planificar os PROGRAMAS DE INTERVENCIÓN individuais que levaremos a cabo ao longo do curso.

No **2º trimestre** as actuacións serán referidas a:

- Decidir a flexibilización do alumnado que o requira.

No **3º trimestre** as actuacións serán referidas a:

- Valoración dos Programas de Intervención.
- Realización dos informes finais e da Memoria final.

Nesta programación achego tres niveis de temporalización: atendendo á mesma, atendendo ás actuacións específicas do mesmo e atendendo ás miñas intervencións específicas como mestra de Audición e Linguaxe.

Atendendo á **Programación,** esta terá unha duración dun curso anual onde os períodos de tempo se adaptarán as características actuais do alumnado con NEAE do centro.

Atendendo ás **actuacións específicas da Programación**, cada actuación conta cunha temporalización concreta especificada nos programas de intervención, salientar que na maioría dos plans de intervención programamos de outubro a maio-xuño tendo en conta que debemos coñecer os horarios das titorías do alumnado, así como, os resultados das avaliacións psicopedagóxicas programadas. En relación ao horario de atención do alumnado pola miña parte planificarase en base ao establecido na ORDE do 23 de xullo de 2011 polo que se regula a xornada de traballo do persoal funcionario e laboral docentes que imparten ensinanzas reguladas na LOE.

Resalto a flexibilidade das miñas sesións e que o meu horario estará suxeito a variacións durante o curso en función das circunstancias que vaian xurdindo ao longo do mesmo como altas, novas incorporacións, aumento/diminución de sesións, etc.

## 10. AVALIACIÓN.

Esta, diferenza 3 momentos: unha avaliación inicial, unha avaliación continua e unha avaliación final. A inicial levareina a cabo á hora de poñer en práctica esta programación. A continua terá carácter regulador, orientador e autocorrectivo e con ela redireccionamos ao achegamento inicial da mesma e a final será a valoración da consecución dos obxectivos preestablecidos a final de curso co fin de achegar as propostas de mellora. A avaliación do alumnado trátase dunha avaliación continua presente en todos os aspectos e momentos do proceso de ensino-aprendizaxe. No caso das intervencións directas

realizarei unha avaliación que servirá para orientarme sobre a necesidade ou non de introducir modificacións. Para isto empregarei follas de rexistro, diarios de campo e entrevistas co/a titor/a e cos pais coa finalidade de analizar os resultados obtidos e a súa funcionalidade. Ademais como xa sinalei no punto anterior, realizarei avaliacións trimestrais e final para orientar as intervencións vindeiras e indicar ao profesorado e ao alumnado onde se atopan respecto as competencias clave e os obxectivos establecidos de cara a facilitar a avaliación favorecendo o avance neste proceso. Ademais do alumnado, tamén realizarei unha avaliación da miña práctica docente para reflexionar sobre o adecuación ou non dos obxectivos, os contidos, os recursos, a metodoloxía e a organización dos tempos e dos espazos dunha forma autocrítica.

Ao rematar a execución desta programación é preciso comprobar se a mesma e os Programas de Intervención foron os máis axeitados polo que realizarei unha avaliación da Programación. Seguindo o establecido no **Decreto 229**, ao final de curso o Departamento de Orientación elaborará a correspondente Memoria e establecerá as propostas de mellora que xurdan, incorporando esta memoria á Memoria do Departamento de Orientación e esta á Memoria Anual do centro.

Os procedementos que levarei a cabo serán: rexistros, observación, seguimento do meu caderno de aula e do rexistro individual do alumnado, etc.

## PLAN DE APOIO AO ALUMNADO CON NEAE-AULA DE PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA

## CURSO 2021-2022

### 1. INTRODUCIÓN

Neste curso académico 2021-2022 levarase a cabo no CEIP Mar de Fóra de Fisterra un plan de actuación sobre o alumnado con necesidades específicas de apoio educativo (NEAE), nas etapas de educación infantil e primaria. A mestra de Pedagoxía Terapéutica ofrecerá atención educativa en 4º e 6º de educación infantil, así como en 1º, 2º e 3º de educación primaria. O resto de necesidades cubrirase co profesorado do Plan Recupera, que inclúe o programa Arco para o 4º e 5º nivel de primaria, durante o primeiro trimestre do curso; así como o programa Proa+ para o 6º nivel, ao longo de todo o curso escolar. Cabe engadir que ao remate do programa Arco, a mestra de pedagoxía terapéutica dará continuidade, ata final de curso, ao reforzo educativo iniciado no primeiro trimestre, para o alumnado de 4º e 5º nivel con necesidades específicas de apoio educativo.

No referido á intervención educativa da mestra especialista en Pedagoxía Terapéutica, priorizaranse os apoios dentro da aula ordinaria. Cando a intervención sexa realizada fóra da aula, esta farase de forma individualizada segundo as necesidades do alumnado. No caso de ser en pequeno grupo respectaranse os grupos de convivencia estable. O número de sesións

semanais determinarase en función das necesidades persoais de cada neno/a, a partir da Avaliación Psicopedagóxica realizada polo Departamento de Orientación do centro.

Para a etapa de Educación Infantil terase en conta o Decreto 330/2009, do 4 de xuño, polo que se establece o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.
Para os niveis educativos de 1º a 6º curso de primaria o currículo de referencia establecerase tendo en conta o Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

## 2. ALUMNADO CON NECESIDADES ESPECIFICAS DE APOIO EDUCATIVO .

As medidas de atención á diversidade previstas para este curso escolar 2021-2022 son as seguintes, tendo en conta a distribución do alumnado por etapas e niveis.

### ***ETAPA DE EDUCACIÓN INFANTIL***

#### ***4º curso de E.I.:***

- ✓ Unha alumna de nova incorporación diagnosticada de Trastorno do desenvolvemento compatible con Trastorno de Espectro do Autismo. Non ten adquirida a linguaxe oral, só emite sons. Non ten control de esfínteres polo que necesita cueiros. Conta con auxiliar técnico educativo, compartido con outra alumna do centro. Recibirá atención educativa dentro da aula ordinaria, cunha temporalidade de tres sesións semanais.

#### ***6º curso de E.I.:***

- ✓ Un alumno con problemas de comportamento, presenta conduta disruptiva na aula e no entorno escolar. Dificultades atencionais e problemas para permanecer sentado e centrado nas tarefas. Recibirá atención educativa cunha temporalidade de dúas sesións semanais.

#### ***6º curso de E.I.:***

- ✓ Un alumno diagnosticado de Trastorno do desenvolvemento compatible con Trastorno de Espectro do Autismo. (Diagnóstico facultativo de Neuropediatría). Grao de discapacidade do 39%. Recibirá apoio específico cunha temporalidade de dúas sesións semanais.

## *ETAPA DE EDUCACIÓN PRIMARIA*

### *1º curso de E.P.:*

- ✓ Unha alumna que presenta Trastorno da comunicación verbal e non verbal, alteración na sociabilidade, e patrón de intereses e actividades restrinxidos e estereotipados compatibles con TEA (Diagnóstico facultativo de Neuropediatría). Dificultades atencionais así como medos e ansiedade. Recibirá atención educativa dentro da aula ordinaria cunha temporalidade de tres sesións semanais.

- ✓ Una alumno que presenta dificultades de atención e concentración. Derivación ao especialista por sospeita de TDAH. Recibirá atención educativa dentro da aula ordinaria cunha temporalidade de tres sesións semanais.

- ✓ Un alumno diagnosticado de Trastorno Global do Desenvolvemento e Dificultades de comunicación a nivel expresivo (Diagnóstico facultativo de Neuropediatría). Grao de discapacidade do 33%. Dificultades de aprendizaxe derivadas de baixo nivel de razoamento, e memoria a curto prazo. Múltiples dislalias e estereotipias. Recibirá atención educativa dentro e fóra da aula ordinaria, cunha temporalidade de cinco sesións semanais (3 dentro e 2 fóra). Repite 1º de E.P.

### *2º curso de E.P.:*

- ✓ Unha alumna diagnosticada con Parálise Cerebral Infantil, tipo diparesia espástica e con Retraso global do desenvolvemento. Discapacidade motórica. Grao de discapacidade do 38%. Recibirá atención educativa dentro da aula ordinaria cunha temporalidade de catro sesións semanais.
- ✓ Un alumno que presenta Déficit de Atención con Hiperactividade, presentación impulsiva e Negativismo Desafiante, con frecuentes e intensas condutas disruptivas e moi desmotivado cara a aprendizaxe. Recibirá atención educativa dentro da aula ordinaria cunha temporalidade de tres sesións semanais. Repite 2º de E.P.

### *3º curso de E.P.:*

- ✓ Un alumno con Dificultades de psicomotricidade fina e grosa, e estruturación espacial. Presenta moitos medos e ansiedade. Dificultades no seguimento de instrucións nos xogos regrados. Recibirá atención educativa dentro da aula ordinaria cunha temporalidade de unha sesión semanal.

- ✓ Un alumno con Retraso no desenvolvemento e da linguaxe. Presenta dificultades de aprendizaxe, memoria e de atención. Recibirá apoio educativo dentro e fóra da aula ordinaria, cunha temporalidade de tres sesións semanais (1 dentro e 2 fóra). Repite 3º de E.P.

- ✓ Unha alumna de nova matriculación procedente do estranxeiro, con dificultades na lingua galega. Presenta desfase curricular nas áreas instrumentais básicas. Recibirá reforzo educativo dentro e fóra da aula ordinaria, cunha temporalidade de catro sesións semanais (1 dentro e 3 fóra).

***<u>4º curso de E.P.:</u>***

- ✓ Unha alumna con dificultades de aprendizaxe nas áreas das Linguas e Matemáticas. Recibirá medidas de Reforzo Educativo dentro da aula ordinaria, cunha temporalidade de dúas sesións semanais.

- ✓ Una alumno con problemas disruptivos do control dos impulsos e da conduta, actitude moi negativa e pouca motivación de cara ao traballo escolar. Dificultades de aprendizaxe e na linguaxe. Presenta sialorrea. Recibirá medidas de Reforzo Educativo dentro da aula ordinaria, cunha temporalidade de dúas sesións semanais. Repite 4º de E.P.

***<u>5º curso de E.P.:</u>***

- ✓ Un alumno con Trastorno por Déficit de Atención e serias dificultades de concentración e atención. Recibirá Reforzo Educativo dentro da aula ordinaria, cunha temporalidade de tres sesións semanais.

- ✓ Un alumno con falta de control nos seus impulsos, moi nervioso e despistado. Precisa supervisión para que o traballo teña continuidade. Recibirá atención educativa dentro da aula ordinaria, cunha temporalidade de tres sesións semanais.

- ✓ Un alumno con dificultades de atención, moi disperso e despistado. Precisa supervisión para que o traballo teña continuidade. Recibirá atención educativa dentro da aula ordinaria, cunha temporalidade de tres sesións semanais.

***<u>6º curso de E.P.:</u>***

- ✓ Dous alumnos con dificultades de aprendizaxe nas áreas instrumentais básicas. Repetiron 2º curso de primaria. Recibirán medidas de Reforzo Educativo dentro da aula ordinaria, cunha temporalidade de dúas sesións semanais.

- ✓ Dúas alumnas con dificultades de razoamento na área de Matemáticas. Recibirán medidas de Reforzo Educativo dentro da aula ordinaria, para mellorar a competencia matemática, cunha temporalidade de dúas sesións semanais.

- ✓ Un alumno de incorporación tardía procedente do estranxeiro, con descoñecemento da lingua galega. Presenta desfase curricular sobre todo nas áreas instrumentais básicas. Exención da lingua galega. Recibirá medidas de Reforzo Educativo dentro da aula ordinaria, cunha temporalidade de tres sesións semanais.

- ✓ Un alumno de nova matriculación, con diagnóstico clínico de Trastorno de Aprendizaxe Lectoescritor. Presenta moita falta de hábito de traballo. Ten ACS. Recibirá medidas de Reforzo Educativo cunha temporalidade de tres sesións semanais.

## 3. PLAN DE ACTUACIÓN

### 3.1. <u>Respecto ao alumnado:</u>

- Detectar ao alumnado con necesidade específica de apoio educativo no momento no que xurdan as dificultades, propoñendo plans de actuación unha vez detectadas ditas necesidades.
- Tratarase de atender ao maior número de alumnos/as que teñan dificultades, pero dunha forma dinámica. Á clase de apoio poden asistir alumnos/as que nun momento determinado teñan dificultades de aprendizaxe, pero que despois de superadas se integran ordinariamente.

Desde o punto de vista propiamente académico poden establecerse as seguintes medidas de atención, de cara ao alumnado con necesidade específica de apoio educativo:

## MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

➢ ***<u>Medidas ordinarias</u>:***

Aquelas que facilitan a adecuación do currículo prescriptivo, sen alteración significativa dos seus obxectivos, contidos e criterios de avaliación, ao contexto sociocultural do centro

educativo e ás características do alumnado.

Algunhas das medidas son as seguintes:

- Adecuación da estrutura organizativa do centro (horarios, agrupamentos, espazos) e da organización e xestión da aula ás características do alumnado.
- Adecuación das programacións didácticas ás aprendizaxes que debe acadar o alumnado en cada nivel educativo.
- Metodoloxías baseadas nas tarefas globalizadas e na aprendizaxe cooperativa.
- Adaptación dos tempos e instrumentos ou procedementos de avaliación.
- Desdobramentos de grupos.
- Reforzo Educativo e apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria.

➢ ***Medidas extraordinarias:***

Aquelas dirixidas a dar resposta ás necesidades educativas do alumnado con necesidade específica de apoio educativo que poden requirir modificacións significativas do currículo ordinario e/ou supoñer cambios esenciais no ámbito organizativo, así como, de ser o caso, nos elementos de acceso ao currículo ou na modalidade de escolarización.

Algunhas das medidas son as seguintes:

- Adaptacións curriculares (Esta medida seguirá o procedemento establecido na Orde do 6 de outubro de 1995 pola que se regulan as adaptacións do currículo nas ensinanzas de réxime xeral).
- Agrupamentos flexibles.
- Apoio do profesorado especialista en Pedagoxía Terapéutica e/ou A.L.
- Flexibilización da duración do período de escolarización.

Deberán priorizarse as medidas de carácter ordinario. As medidas de carácter extraordinario aplicaranse unha vez esgotadas as ordinarias ou por resultaren estas insuficientes.

O marco de referencia sobre as medidas de atención á diversidade é o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

## PLAN DE ACTUACIÓN NA AULA DE APOIO

Atenderase dende a aula de apoio ao alumnado co que xa se estaba a traballar nos cursos anteriores e tamén a aqueles alumnos que poidan presentar dificultades de aprendizaxe no

curso actual. Pretendemos converter a aula de apoio nun espazo aberto á colaboración e cooperación cos mestres/as da aula ordinaria.

Elaboraranse as Adaptacións Curriculares que sexan pertinentes conxuntamente co mestre/a titor/a, de cara a promover aprendizaxes significativas e funcionais no alumnado que non puidese seguir, por calquera razón, o currículo ordinario, para facilitar o maior grao posible de normalización na súa vida escolar.

A temporalización dos programas responde ao principio de individualización e basearase no respecto aos intereses e ritmos das nenas e nenos cos que imos traballar.

O obxectivo principal do equipo de actividades complementarias e extraescolares ó longo do presente curso 2021/2022 será propoñer e levar a cabo unha serie de actividades formativas, relacionadas tanto cos contidos curriculares como coas festividades propias do ano e que forman parte do entorno cultural do alumnado.

Estas actividades estarán deseñadas cun enforque significativo, construtivo e lúdico, nas que todos os coñecementos serán alcanzados a través da práctica.

Neste curso 2021/2022 a situación cambiou a mellor con relación á pandemia podendo seguir as directrices de presencialidade do curso anterior 2020/2021, de tódolos xeitos non sabendo en como podería tornar a situación inclúo nesta programación as accións que se levarán ao cabo no caso de novos confinamentos seguindo o plan deseñado nas instrucións do 30 de xullo do 2020 a espera de novas directrices se se dera o caso.

**Composición do EACE**

Neste vindeiro curso 2021/2022, o equipo de actividades complementarias e extraescolares estará formado por.

- Victoria Vázquez Rodríguez (coordinadora do EAEC e titora de 6º de EP)
- Carlota Otero Román (titora de 4º de EI).
- Beatriz Martínez Colmeiro (titora de 5º de EI)

Ó longo do curso o EACE, reunirase de xeito periódico para crear e coordinar as actividades. Aínda que este ano debido a situación do COVID-19 non se poderá levar acabo ningunha saída extraescolar do alumnado, pero si poderán traballar actividades dos días conmemorativos na súa aula de maneira individual. Así mesmo, estas propostas achegaranse ós titores nas reunións correspondentes.

**Planificación das actividades do EACE**

**DÍA DO ENSINO:** O venres 8 de outubro prepararemos unha reflexión e actividade a nivel de aula para celebrar o día do ensino que é o día 11 (festivo).

**O SAMAÍN:** que se celebrará a última semana de outubro realizando as seguintes actividades programadas:

- Decorarase a entrada da porta de cada aula con motivos do Samaín, algúns realizados polos nenos e outros aportados polo EACE.

- Realizaranse debuxos todo de maneira individual relativo a esta data conmemorativa, contos, vídeos do Samaín.

- A visita da "Santa Compaña" (alumnos disfrazados)

- "O Comemedos" exposto para que os nenos e nenas escriban nun papel os seus medos e os meterán na súa boca para ser queimado no patio ao final da semana e así afastar todos os medos.

- No caso de que se chegara a realizar un ensino non presencial dende a casa enviaránselle fichas con motivo de decoración do Samaín, que fagan investigacións nos seus fogares coa axuda das súas familias sobre o Samaín como se celebra no resto do mundo como por exemplo en Estados unidos, México.

**O MAGOSTO:** Que se celebrará na semana do 25 de outubro realizando as seguintes actividades programadas:

- Deseñar e propoñer ós nosos alumnos/as unha serie de material didáctico relacionado coa estación do Outono (debuxos para colorear, lecturas, poesía, rimas, refráns...) para traballar de maneira individual.

- Elaborar unha exposición de produtos típicos do outono de manira individual.

- Ambientar a nosa porta con motivos do Magosto como a señora castaña.

- Celebrar o Magosto con contacontos dentro da aula, lecturas sobre o Magosto, debates e diálogos sobre contos na nosa aula.

- Organizaremos xogos populares e cantigas tradicionais do pobo galego.

- Magosto que se celebrará nas aulas coas castañas e doces.

**O DÍA DA DECLARACIÓN UNIVERSAL DOS DEREITOS HUMANOS:** Coincidindo con esta celebración , o día 10 de decembro prepararemos actividades de reflexión sobre os dereitos humanos.

**O NADAL:** Que se celebrará o 22 de decembro e datas próximas, realizando as seguintes actividades programadas:

- Facilitar e proporcionar ó equipo docente material decorativo de Nadal.

- Elaborar un mural relacionado co Nadal. (o elaboraremos de maneira individual)

- Proxeccións en vídeo sobre unha historia de Nadal para que comentemos na aula.

- Curtametraxe dende a nosa aula da solidariedade no Nadal.

- No caso de que se chegara a teletraballar enviariámoslle as familias e ao noso alumnado que realizaran unha exposición sobre o seu Belén e a árbore do Nadal.

- Concurso de postais, cada neno/a confecciona unha postal e a gañadora e destinada para ilustrar as felicitacións de Nadal que cada ano o noso colexio envía ás familias.

- Este ano por motivos do COVID-19 non se poderá levar a cabo o festival do Nadal. Polo que buscaremos actividades alternativas como actuacións gravadas en vídeo que serán subidas a web do colexio como fixemos no curso anterior.

**O DÍA INTERNACIONAL DA EDUCACIÓN:** O venres 24 de xaneiro realizaremos algunha actividade de reflexión sobre esta celebración.

**O DÍA DA PAZ:** que se celebrará o 30 de xaneiro coas seguintes actividades programadas.

- Aportar propostas didácticas que permitan traballar máis activamente valores propios dunha sociedade tolerante e respectuosa.

- Preparar unha actividade plástica, didáctica e lúdica para desenvolver na celebración.

- Pintar a nosa pomba da paz con mensaxes pacifistas.

- Investigar sobre figuras e personaxes que promoveron a Paz como Ghandi, Teresa de Calcuta,...

- No caso de teletraballar esta última actividade a poderán facer dende os seus fogares e que nunha cartolina cada alumno se lle asignara unha personaxe da Paz que despois por medio de webex expuxera o seu traballo os demais compañeiros e ao titor.

- Outras actividades podes ser un mural conxunto , unha canción pola paz e lectura de poemas.

**O DÍA DE ROSALÍA DE CASTRO:** O 24 de febreiro celebraremos este día traballando a biografía de Rosalía e lendo poemas.

**O ENTROIDO:** que se celebrará o venres correspondente á semana do entroido, realizando as seguintes actividades programadas:

- Decorar a porta da nosa aula do colexio con elementos do Entroido que cada alumno foi pintando de maneira individual.

- Que cada alumno se disfrace seguindo as directrices de prevención sanitaria e segundo as posibilidades das que dispoñamos, procurando como todos os anos decidir unha temática común acordada no claustro e preparar as actividades en conxunto.

- Investigar por medio do recurso das TICs sobre a celebración do Entroido dende o noso lugar máis próximo como é Fisterra, como se disfrazaban os nosos avós, a comida típica do entroido, ata investigar sobre o entroido en outros puntos como en Cádiz, Canarias ata chegar ao Brasil.

**CARTEIROS/AS:** Os alumnos e as alumnas do noso colexio intercambian cartas como todos os anos cos compañeiros e compañeiras do colexio “Praia Quenxe” de Corcubión.

**O LIBRO VIAXEIRO:** Este ano recuperaremos a actividade do caderno viaxeiro, que constou dunha libreta que irá movéndose polos alumnos e os seus fogares, para realizar un traballo conxunto de recompilación ou inventiva, compartir saberes e moitas máis cousas que foron xurdindo (lendas, ditos, contos, chistes…)

**A VOZ DO FARO:** Na semana do 7 ao 11 de marzo con motivo da Semana da Prensa, traballaremos con xornais nas aulas e prepararemos e editaremos o xornal do colexio.

**A SEMANA DO LIBRO:** Entre o 18 e o 22 de abril na cal prepararemos actividades de lectura. “Contoche un conto” lecturas entre as clases se fóra posible ou ben a mesma actividade gravada

en vídeo e presentada na web do colexio.

**AS LETRAS GALEGAS:** O venres 13 de maio celebramos o día das letras galegas. Para conmemorar esta celebración as actividades a realizar quedan expostas á decisión do equipo de Normalización Lingüística co cal coordinaremos para traballar en equipo. Podendo realizar as seguintes actividades:

- Talleres e actividades didácticas sobre o autor homenaxeado.
- Certame poético, festival….
- Todas as actividades programaranse segundo as posibilidades das que dispoñamos tendo en conta as ordes e recomendacións sanitarias.

**O DÍA MUNDIAL DO MEDIO AMBIENTE:** O día 5 de xuño prepararemos actividades de concienciación sobre a importancia da protección dos nosos medios naturais.

- Amosaremos fotografías para que o alumnado vaia discernindo entre medios de transporte que contaminan a atmosfera como pode ser o coche, e outros medios de transporte que protexen o medio ambiente como pode ser a bici; e de problemáticas de contaminación para o seu debate e discusión.

**O FIN DE CURSO:** que se celebrará o último día lectivo do curso. Para as actividades programadas o EACE colaborará e axudará nas actividades propostas pola mestre de Educación Física para ese día, e mesmo facendo achegas ó respecto. As actividades quedan por determinar posto que por motivos do coronavirus non se poderán levar a cabo.

Salientar a coordinación co equipo de dinamización da lingua galega para levar a cabo todas as actividades programadas.

**Saída didácticas**

Este ano por motivos do coronavirus e por velar pola nosa saúde e do noso alumnado non se fará ningunha saída nin excursión. Este ano tampouco se poderá facer ningunha visita ao noso centro por motivos do COVID-19. De mudar esta situación analizaríase a posibilidade, mantendo os grupos burbulla.

**Recursos do entorno**

Este ano non poderemos traballar nunha serie de visitas didácticas tanto de personalidades do concello como visitas ao entorno: O Faro, a Lonxa, o Concello.. aínda por concretar.

## 17.PLAN DE AUTOPROTECCIÓN

Este é o cuarto ano que levamos co novo Plan de Autoprotección coa empresa Gesplan e levouse a cabo cada ano un simulacro.
Este ano levarase a cabo os cambios adaptados a normativa vixente e un curso de formación vía telemática.

1.- AVALIACIÓN DO RISCO
RISCO POTENCIAL
1.1 Identificación, ubicación e entorno do centro.
1.2 Usos previstos e usos actuais.
1.3 Descrición do edificio.
1.4 Características construtivas.
ANÁLISE DE RISCOS
1.5 Identificación e avaliación do risco.
1.6 As vías de evacuación: deseño e dimensionado.
PLANOS DE SITUACIÓN E EMPRAZAMENTO
2.- MEDIDAS DE PROTECCIÓN
MEDIOS DE PROTECCIÓN
2.1 Sistemas preventivos
2.2 Sistemas de protección
2.3 Clasificación e descrición do persoal laboral
2.4 Clasificación e descrición dos usuarios/alumnos
2.5 Planos de planta
3.--PLAN DE EMERXENCIA
3.1 Organigrama do servizo de seguridade
3.2 Descrición de funcións
3.3 Esquemas de actuación
3.4 Seguridade en períodos non laborables
3.5 Tipos de emerxencias
3.6 Secuencia de transmisión da emerxencia
3.7 Condicións de evacuación
3.8 Chamadas prioritarias
4.-IMPLANTACIÓN DO PLAN DE AUTOPROTECCIÓN ESCOLAR
4.1 Responsabilidade e obxectivos.
4.2 Medios técnicos.
4.3 Programa de formación e difusión

4.4 Preparación e realización de simulacros
4.5 Didáctica da autoprotección
4.6 Actividades didácticas de autoprotección
ANEXOS
Informe fotográfico
Proposta de melloras
Planos do anteproxecto de seguridade
Instrucións para a realización dun exercicio de evacuación
Mantemento mínimo das instalacións de protección contra incendios.

INTRODUCCIÓN

1. PRESENTACIÓN

O período formativo das persoas dentro do Sistema Educativo confírelles unha bagaxe cultural e intelectual que marca, en boa parte, a súa actitude durante a súa vida futura. Dende a máis temperá idade o individuo atópase exposto a unha serie de riscos fronte ós que se lle debe educar, xa que, no caso de materializarse, a súa propia seguridade persoal depende das decisións que tome nese momento.

A electricidade, o lume e os produtos químicos son, entre outros, elementos que empregamos de cotío e que se deben utilizar con coidado, coñecendo os riscos derivados dunha manipulación incorrecta e as normas de actuación no caso de emerxencia.

Esta é a orixe da autoprotección e as idades infantil e xuvenil son as máis apropiadas para promove-la educación neste eido. A Administración, consciente desta necesidade, abordou a tarefa de dota-lo profesorado dos instrumentos necesarios para que forme ó alumnado en materia de autoprotección e se implementen os plans de autoprotección escolar nos centros educativos da nosa Comunidade Autónoma.

2. OBXECTIVOS

Ten por obxecto a preparación, redacción e aplicación do Plan de emerxencia que comprende a organización dos medios humanos e materiais dispoñibles para a prevención do risco de incendio o de calquera outro equivalente, así como para garanti-la evacuación e a intervención inmediata.

Neste Plan se recollen as bases técnicas para conquerir os seguintes obxectivos:

a).- Coñece-los edificios dos centros escolares e as súas instalacións (continente e contido), a perigosidade dos distintos sectores e os medios de protección dispoñibles, as carencias existentes segundo a normativa vixente e as necesidades que deban atenderse prioritariamente.

b).- Garanti-la fiabilidade de tódolos medios de protección e as instalacións xerais.

c).- Evita-las causas que sexan a orixe das emerxencias.

d).- Dispoñer de persoas organizadas, formadas e adiestradas que garanten rapidez e eficacia nas actuacións a emprender para o control das emerxencias

e).- Ter informados a tódolos ocupantes do edificio de cómo deben de actuar ante una emerxencia e en condicións normais para a súa prevención .

O plan de autoprotección escolar deberá, así mesmo, facer cumprir a normativa vixente sobre seguridade, facilita-las inspeccións dos Servizos da Administración e prepara-la posible intervención dos recursos e medios exteriores en caso de emerxencia (bombeiros, ambulancias, policía, etc.).

O plan complementarase con actividades de formación do profesorado, nas que se pretende facilitar ós profesores e profesoras a tarefa de impartir ó alumnado os coñecementos precisos para que, tanto no centro escolar como fóra del, actúen coa precaución necesaria para no ser causante dunha emerxencia e que, se se ven envoltos nalgunha delas, saiban actual coa serenidade precisa e co acerto que garanta a súa propia seguridade.

3. NORMATIVA APLICABLE

**Lei 2/85**, de 21 de xaneiro, de Protección Civil, con fundamento xurídico na CE (args, 15, 2 e 103), como primeiro e máis importante de tódolos dereitos fundamentais.

O artigo 4, apartado 3 da mesma lei di: Os poderes públicos promoverán actividades que sensibilicen á poboación acerca das súas responsabilidades públicas en materia de protección civil. Así mesmo os centros de ensinanza desenvolveran, entre os alumnos, actividades que se encamiñen ó logro das fins expostas no apartado anterior.

A **Norma Básica de Protección Civil**, aprobada polo Real Decreto 407/1992, do 24 de abril, dispón que a Administración Autónoma deberá elabora-los plans Territoriais, Plans Provinciais e diferentes Plans Especiais, e a Administración Local, os Plans Municipais.

**O PLATERGA**, (Plan Territorial de Protección Civil de Galicia aprobado polo Consello da Xunta de Galicia o 14 de xullo de 1994, e homologado pola Comisión Nacional de Protección Civil de 30 de setembro de 1994), no seu capítulo 7, apartado 5, di: “Así mesmo, a Comunidade Autónoma de Galicia a través da Secretaría Xeral para a *Protección Civil e o Medio Ambiente, agora Dirección Xeral de Interior e Protección Civil en concordancia cos correspondentes servicios da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, levará a cabo, nos centros educativos, campañas educativas para información e concienciación, en relación coa protección civil e a autoprotección, tanto no ámbito escolar coma noutras facetas da vida cotián.*

Conforme ó previsto no artigo 7.3 do **Decreto 16/2000**, do 29 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Xustiza, Interior e RR.LL., disponse que a Dirección Xeral de Interior e Protección Civil é o órgano encargado de xestiona-las competencias que, en materia de protección civil, ten atribuídas a Comunidade Autónoma.

Conforme ó previsto no artigo anterior, parágrafo sexto, disponse tamén que a realización e fomento das actividades formativas e divulgativas que contribúan ó perfeccionamento *técnico e*

*á eficacia operativa en materia de protección civil, así como o obxectivo de mentalización da poboación no eido da autoprotección e da protección civil en* colaboración coa Academia Galega de Seguridade.

**Lei 5/83 de 30 do xuño, de Sanidade Escolar** (DOGA do 18 de xullo), na que, entre outros artigos que tamén inciden, o 10.1. di: "*Todos os centros escolares establecerán de forma individualizada, un plan de actuación para casos de emerxencia ou catástrofe no que se detallarán...*

Na **Orde do 13 de novembro de 1984** (BOE do 17 de novembro) sobre evacuación de centros docentes de EXB, Bacharelato e Formación Profesional, *contémplase a necesidade de que os alumnos destes centros teñan coñecementos da conduta a seguir ante problemas relacionados coa seguridade e emerxencias nos centros docentes*.

**Decreto 44/85** de 14 de febreiro polo que se aproba o Regulamento de Sanidade Escolar. (DOGA do 29 de marzo de 1985), que incide nos artigos 6, 7, 25 e fundamentalmente o *30.5 que di que correspóndelles ós directores dos centros escolares, ter previsto un plan de evacuación do centro para casos de emerxencia ou catástrofe.*

**Lei 31/1995**, do 8 de novembro, de **Prevención de riscos Laborais**. (Artículos 3.2; 6.a; 16.1; 22.1,4; 23.1 e 3).

**Real Decreto 39/1997**, de 17 de xaneiro, polo que se aproba o **Reglamento dos Servizos de Prevención.**

O Decreto 213/1998, do 10 de xullo, establece a estrutura orgánica da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, correspondéndolle a esta a organización dos centros escolares.

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria ten aprobado o regulamento orgánico das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria, en virtude do establecido no Decreto **347/1996**, do 17 de outubro, o regulamento orgánico dos Centros Públicos Integrados, en virtude do establecido no Decreto **7/1999**, do 7 de xaneiro, e o regulamento orgánico dos Institutos de Educación Secundaria, en virtude do establecido no Decreto **324/1996**, do 26 de xullo.

**A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria establece que nos centros antes aludidos, no seu regulamento de réxime interno e na programación xeral anual, debe incluírse un Plan de Autoprotección deseñado polo centro no que se detallen os mecanismo e medios dispoñibles para facer fronte ante calquera incidencia que afecte á seguridade dos alumnos, profesores e demais persoas, así como das intalacións escolares**.

O día 9 de abril de 1999 asinase o ACORDO DE COLABORACIÓN EN MATERIA DE AUTOPROTECCIÓN EN CENTROS DE ENSINANZA PÚBLICOS E CONCERTADOS entre a Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais e a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. A finalidade do acordo é:

**1º.- Fomenta-la cultura da autoprotección no seo da comunidade escolar, alumnos, pais, profesores e persoal non docente.**
**2º.- Consegui-la implantación dos plans de autoprotección escolar en tódolos centros públicos e concertados.**
**3º.- Consegui-la interacción da técnica de protección civil coa técnica pedagóxica, coa fin de conseguir un maior e mellor grao de formación na práctica da autoprotección.**

1.- AVALIACIÓN DO RISCO
Análise dos factores que inflúen no risco.
RISCO POTENCIAL
**1.1. Identificación, ubicación e entorno do centro**
O centro escolar "Mar de Fóra", atópase ubicado na Estrada do Faro, na vila de Fisterra C.P. 15155 na provincia da Coruña. O seu entorno é urbano. A vila é pequena e rodeada por algunhas aldeas e sobre todo pólo mar. O seu único acceso por terra realízanse pola estrada C-552 pasando pólos Concellos de Cee e Corcubión. Como referencia colleremos a estrada que leva ó Faro na que se atopa o centro escolar. O acceso principal está xunto a unha rotonda.
1.2. Usos previstos e usos actuais
Nun principio este centro acolleu ó alumnado de E.X.B. pero dende ano 2000 ata a data actual, a edificación adícase á Ensinanza Infantil e Primaria.
Dispón dun total de 13 aulas, 2 titorías, unha biblioteca e unha aula de informática.
Non se ten previsto que as instalacións teñan outra actividade.
1.3 Descricións das plantas do edificio
O edificio consta de tres plantas que se distribúen da seguinte forma:
**Planta baixa**: ten unha superficie de 198 $m^2$

| | |
|---|---|
| Conserxería | 14,00 $m^2$ |
| Cociña | 14,00 $m^2$ |
| Aseos nenas | 23,04 $m^2$ |
| Aseos nenos | 30,06 $m^2$ |
| Almacéns | 5,44 $m^2$ |
| Caldeira | 14,62 $m^2$ |
| Diferenciais | 1,60 $m^2$ |

**Planta primeira:** Ten unha superficie de 550 $m^2$

| | |
|---|---|
| Aula E. Infantil | 59,22 $m^2$ |
| Aula E. Infantil | 47,36 $m^2$ |
| Aula E. Infantil | 47,36 $m^2$ |
| Aula P.T. | 26,84 $m^2$ |
| Aula Informática | 25,34 $m^2$ |
| Aula Música | 53,68 $m^2$ |
| Biblioteca | 59,22 $m^2$ |
| Sala Profesores | 23,97 $m^2$ |
| Secretaría | 10,73 $m^2$ |
| Dirección | 10,73 $m^2$ |
| Aseo E.I. Cuarto limpeza | 26,84 $m^2$ |
| Hall central | 127,44 $m^2$ |

**Planta segunda:** Ten unha superficie de 617 $m^2$

| | |
|---|---|
| 4 - Aulas E. Primaria | 4 x 57,96 = 231,88 $m^2$ |
| 4 – Aulas E.Primaria | 4 x 58,05 = 232,20 $m^2$ |
| Aseos e corredores | 94,57 $m^2$ |

Na planta baixa habitualmente so está o conserxe. Na planta primeria temos unha ocupación habitual de 60 persoas. Na planta segunda a ocupación habitual é de 120 persoas.

### 1.4. A evacuación

A evacuación é unha medida esencial na autoprotección ante emerxencias graves, xa que supón o alonxamento do perigo. O obxectivo, é conquerir, en caso de emerxencia, que os

ocupantes do colexio poidan desplazarse ata lugar seguro, en un tempo adecuado, coas necesarias garantías de seguridade.

1.4.1. Vías de evacuación

O edificio dispón das seguintes vías de evacuación:

Planta baixa: Ten saída directa ó exterior polas dúas portas frontais de acceso ó Centro, cada unha de 1,30 m. de ancho e con dobre folla, que abren no sentido da evacuación.

Planta primeira: Tódalas aulas comunican cun amplo hall con portas de 0,80m, 1m ou 1,20m de anchura, tendo todas elas a apertura no sentido da evacuación.

Ten dúas escaleiras de 2,10 metros de ancho, disposta en dous tramos de 5,70m de lonxitude separados por un descansiño, unha en cada extremo de dito hall, baixan directamente á planta baixa.

Planta segunda: Ten un corredor de 2m de ancho en forma de cadro, no redor do cal están as oito aulas e os servizos de que se compón esta planta, o centro forma un patio de luces rodeado dunha barandilla. Tódalas portas das aulas teñen 1,20m de ancho, folla e media e abren no sentido da evacuación, non sendo así no caso das portas dos servizos.

En dous dos extremos destes corredores hai dúas escaleiras que comunican coa primeira planta e que continúan ata a planta baixa, a anchura ó igual que as escaleiras da primeira planta é de 2,10m e está composta por dous tramos de 5,70m separados por un descansiño en cada escaleira, neles hai dúas titorías unha delas convertida en Departamento de Orientación.

1.4.2.- Instalacións en xeral.

a) Tuberías.

b)Situación das chaves de corte de fluído enerxético e auga.

Corte xeral de corrente: na planta baixa nun cuarto no patio do colexio, saíndo pola porta do colexio a man dereita o lado do cuarto de caldeiras.

Corte Xeral de auga: Existen dúas chaves de paso, unha no exterior e outra no interior.A do exterior está entrando no colexio a man dereita e a que se atopa no interior está entrando na planta baixa tamén a dereita.

Corte de gasóleo: atópase nun caseto enfrente da porta de entrada do colexio o lado do patio cuberto da parte de diante.pódese cortar tamén de forma eléctrica no cuarto de caldeiras .

1.4.3.- Instalacións de protección contra incendios

Columna seca

Bies

1.4.4.- Accesibilidade  e entorno do edificio

O edificio é accesible para os vehículos de urxencia polo portalón de entrada, situada na estrada do Faro á altura da rotonda.

Existe unha boca de rego dentro das instalacións do edificio.

ANALISE DE RISCOS

Identificación e avaliación do risco.

Os elementos vulnerables directos vámolos clasificar en tres grupos fundamentais:

A)Do medio físico

B)Estruturais

C)Tecnolóxicos

D)Actividades

A)Do medio físico.

No noso Centro, debido á situación xeográfica de Fisterra, un risco potencial é a choiva e os fortes ventos.

B)Estruturais

No centro que nos ocupa C.E.I.P. “Mar de Fóra”, non se aprecia que ningún sistema estrutural do mesmo edificio poida considerarse como vulnerable, en condicións normais de uso e que non se someta o mesmo a sobrecarga e/ou esforzo fóra do común.

C)Tecnolóxicos

**Riscos derivados do funcionamento anómalo das instalacións** (eléctricas, calefacción, etc) que poden dar lugar a risco de incendio, risco de fugas de combustibles, risco de explosión, etc .

Podemos destacar os seguintes:

Planta baixa

Sala de caldeiras (gasóleo), cuarto de contadores, almacén, patios exteriores, .

*(A continuación poderianse especificar as características de cada elemento: por exemplo as características da sala de caldeiras: superficie, tipo combustible, ubicación do corte de suministro, extintores, pulsador de parada, empresa de mantemento, etc.)*

O horario de carga de combustible coincide co horario de clase, aproximadamente ás 11:30 H

D)Actividades

**Este tipo de riscos son os que teñen orixe nos ocupantes habituais ou esporádicos** (de grande importancia en edificios de pública concurrencia), por tanto inherentes ó desarrollo da actividade: Risco asociado ó exercicio profesional (accidentes laborais, neglixencias profesionais,etc), riscos de incendio por mal uso das fontes de calor (cociñas, caldeiras, etc.), riscos de explosión por manipulación inadecuada de gases e líquidos inflamables, riscos asociados ós clientes no uso das instalacións (incendio por descuido de fumadores, por mala utilización de instalacións eléctricas...), Riscos de sabotaxe (ameaza de bomba, incendios provocados, etc), riscos asociados ó persoal externo en traballos de reparación, mantemento e reformas.

No centro escolar “Mar de Fora”, podemos apreciar unha serie de riscos asociados o seu uso, os cales vamos a dividir dependendo da zona donde se realice a actividade.

1.6Relación de riscos asociados.

Zoa de aulas:

| | | | |
|---|---|---|---|
| 1 | Situación de perigo: | A Boca de Incendio Equipada (B.I.E.) situada .................... invade a zoa de circulación do pasillo X. Igualmente ocorre co radiador fronte a porta da aula x no comezo da rampa. | |
| | Risco: | Golpes e contusións polo alcance, e heridas pola rotura accidental do cristal de protección. | |
| | Análise do risco: | Probabilidade: | Baixa |
| | | Gravidade: | Baixa |
| | Nivel do risco: | Baixo, en condicións normais | |

| | | | |
|---|---|---|---|
| 2 | Situación de perigo: | Accesibilidade para colgarse, dende o banco situado fronte ó despacho da dirección, na instalación eléctrica aérea no teito. | |
| | Risco: | Caídas e golpes. Danos na instalación | |
| | Análise do risco: | Probabilidade: | Baixa |
| | | Gravidade: | Baixa |
| | Nivel de risco: | Baixo en condición normáis | |

| | | | |
|---|---|---|---|
| 3 | Situación de perigo: | Subirse a instalación eléctrica dende o pasillo X, que se atopa no pasillo X1. | |
| | Risco: | Caídas a distinto nivel e golpes. Danos na instalación. | |
| | Análise do risco: | Probabilidade: | Media |
| | | Gravidade: | Media |
| | Nivel do risco: | Alto, en condicións normais | |

| | | | |
|---|---|---|---|
| 4 | Situación de perigo: | As barandillas que se atopan na rampa que separa o pasillo X do X ten moito oco e atopase a diferentes niveis. | |
| | Risco: | Caídas a distinta altura e contusións | |
| | Análise do risco: | Probabilidade: | Baixa |

| | | | |
|---|---|---|---|
| | | Gravidade: | Media |
| | Nivel do risco: | Medio, en condicións normais | |

| | | | |
|---|---|---|---|
| 5 | Situación de perigo: | Materiais ...combustibles apilados ... no almacén......... | |
| | Risco: | Risco de incendio | |
| | Análise do risco: | Probabilidade: | |
| | | Gravidade: | |
| | Nivel do risco: | | |

| | | | |
|---|---|---|---|
| 6 | Situación de perigo: | .....posible rotura de cristais.......l | |
| | Risco: | Cortes e feridas | |
| | Análise do risco: | Probabilidade: | |
| | | Gravidade: | |
| | Nivel do risco: | | |

| | | | |
|---|---|---|---|
| 7 | Situación de perigo: | .....rotura de focos de iluminación...... | |
| | Risco: | Cortes e feridas. Danos nas instalacións. | |
| | Análise do risco: | Probabilidade: | |
| | | Gravidade: | |
| | Nivel do risco: | | |

Zonas axardinadas, patios exteriores

| | | | |
|---|---|---|---|
| 1 | Situación de perigo: | Caída de árbores sobre as instalacións deportivas | |
| | Risco: | Caídas, aplastamentos, danos as instalacións. | |
| | Análise do risco: | Probabilidade: | |
| | | Gravidade: | |

| | | | |
|---|---|---|---|
| | Nivel do risco: | | |

| | | | |
|---|---|---|---|
| 2 | Situación de perigo: | A baranda das escaleiras exteriores terminan en esquina..... | |
| | Risco: | contusións | |
| | Análise do risco: | Probabilidade: | |
| | | Gravidade: | |
| | Nivel do risco: | | |

| | | | |
|---|---|---|---|
| 3 | Situación de perigo: | Os muros e peche do recinto presente ferros oxidados o descuberto...... | |
| | Risco: | Infección e feridas | |
| | Análise do risco: | Probabilidade: | |
| | | Gravidade: | |
| | Nivel do risco: | | |

Riscos do entorno

| | | | |
|---|---|---|---|
| 2 | Situación de perigo: | Trafico de vehículos nos accesos o centro...... | |
| | Risco: | Atropelos e colisións | |
| | Análise do risco: | Probabilidade:media | |
| | | Gravidade:alta | |
| | Nivel do risco: | | |

| | | | |
|---|---|---|---|
| 3 | Situación de perigo: | Fácil acceso o depósito do combustible...... | |
| | Risco: | explosión | |
| | Análise do risco: | Probabilidade:baixa | |
| | | Gravidade: | |
| | Nivel do risco: | | |

Risco do vandalismo

| | | | |
|---|---|---|---|
| 1 | Situación de perigo: | Nos períodos sen actividade, varias partes do edificio son vulnerables por “actos vandálicos”,,...... | |
| | Risco: | Danos nas instalacións, rotura de cristais, deterioro de bens,aparición de xiringas... | |
| | Análise do risco: | Probabilidade:alta | |
| | | Gravidade:alta | |
| | Nivel do risco: | | |

PLANOS DE SITUACIÓN E EMPLAZAMENTO

A información recompilada e avaliada do risco grafiarase nos planos que se definen neste apartado, nos que se utilizarán os símbolos gráficos correspondentes as Normas UNE (23-032).

Características:

- Formato DIN A-3, ou o que proceda.
- Escala 1/5000 ou, excepcionalmente máis reducidas si as medidas do debuxo o esixiran.

Indicacións:

- Hidrantes e bocas de incidio na vía pública dentro dun radio de 200 m. respecto do edificio .
- Edificios públicos e riscos especiais dentro dun radio de 100 m., ou outros que polas súas especiais características se consideren mencionables.
- Emprazamento da finca con respecto ás vías públicas ou particulares que delimiten a maza en que se sitúa, acotando as distancias dos edificios a eixes da vía pública e fondura destas.
- Altura máxima das edificacións con expresión de número de andares
- Orientación N-S
- Ubicación de almacéns de produtos perigosos.

Exemplares a preparar:

- Un para o Corpo de Bombeiros.
- Un para a Dirección do Establecemento
    - Un para colocalo na entrada principal do edificio, armario ou similar “USO EXCLUSIVO DE BOMBEIROS” (*).

2.- MEDIOS DE PROTECCIÓN

2.1 Sistemas preventivos.

Os sistemas preventivos funcionais, **baseanse na actuación das persoas nas labores de seguridade e no control das actividades que son ou poden ser perigosas**.
Estas medidas poden resumirse en:
Mantemento
Inspección de usos e actividades.
O mantemento podemos dividilo a súa vez en dous capítulos:
- Preventivo
- Reparación.

**O mantemento preventivo, consiste en revisar periodicamente os distintos elementos e instalacións dos edificios**, seguindo as pautas que digan os construtores, instaladores ou normas xerais básicas para os elementos e instalacións do edificio.
**O mantemento de reparación, consiste na reparación ou sustitución daqueles elementos que están deteriorados ou en mal estado de funcionamento**, para levar a cabo estas operacións, cómpre establecer medios materiais e sobre todo en instalacións específicas, os adecuados contratos con empresas especializadas.
Con relación á inspección de usos e actividades, débense inspeccionar periodicamente os distintos usos das diferentes áreas do edificio, observando si son adecuados e si as actividades desenvólvense de forma correcta e non perigosa.
Principalmente debemos prestar atención ás áreas onde se desenvolven actividade que poidan iniciar un foco de perigo, ou ben aqueles locais que contemplan instalacións con algún risco.

CALENDARIO DE MANTEMENTO:

| Equipo | Data da última revisión | | Data da próxima revisión | |
|---|---|---|---|---|
| | Mantedor | Industria | Mantedor | Industria |
| Iluminación de emerxencia | | | | |
| BIE | | | | |
| Extintores | | | | |

2.2 Sistemas de protección
**O conxunto dos sistemas de protección nos edificios, teñen por obxectivo dar resposta inmediata e eficaz ante a aparición dun sinistro, procurando un rápido control e reducindo as súas consecuencias ó mínimo posible**.

No centro escolar “Mar de Fóra” podemos apuntar os seguintes:
Sistemas de detección:
- Non existen detectores de fume en todo o edificio.
Sistema de alumeado na emerxencia e señalización:
- O alumeado de emerxencia está deteriorado e non funciona.
- En canto a señalización de evacuación é inexistente, ou deficiente.
- A señalización dos medios de protección é inexistente ou deficiente.
Sistemas de transmisión de alarma:
- Conta cun timbre no pasillo de Secretaría e unha sirena que se acciona dende a Sala de Mestres.
- Non dispón de megafonía.
- Dispón de dous teléfonos para comunicar co exterior, un dende Secretaría e outro dende Dirección.
Sistemas de extinción:
- Os extintores existentes son suficientes e pasaron a revisión anual.
- As BIE`S son suficientes.
- Os hidrantes máis próximos son catro, uns situados en dirección a metros e outro en dirección a metros da porta posterior do recinto escolar.

2.3 Clasificación e descrición do persoal laboral
O centro escolar dispón de actividade durante 6 horas ó día.
A actividade escolar realizase pola mañá, de 10:00 a 13:15 horas e pola tarde de 15:15 a 18 horas.
O persoal que traballa nas instalacións distribúese da seguinte forma:

| | |
|---|---|
| Profesores | 15 persoas |
| Cuidadora | 1 persoa |
| Conserxe | Non hai |
| Limpeza | 2 persoas |
| Total | 18 persoas |

Non hai persoal subcontratado.
Distribución de empregados en función do horario

| | |
|---|---|
| Profesores | 9:00-14:00<br>16:00-19:00 |
| Conserxe | Non hai |
| Limpeza | 17:00 a 18:30 |

2.4 Clasificación e descrición dos usuarios.

O centro escolar "Mar de Fóra" ten unha capacidade para uns 250 alumnos, que poden ser válidos ou asistidos (neste caso teríanse que facer modificacións para eliminar as barreiras arquitectónicas debido á grande cantidade de escaleira que ten o Centro para acceder ás aulas). A poboación total do centro está en torno ás 120 persoas, no suposto de que concurran tódolos alumnos e o persoal laboral ó mesmo tempo.

2.5 Planos de planta

(ver copia dos planos)

3.- PLAN DE EMERXENCIA

O plan de emerxencia debe definir a secuencia de accións a desenvolver para o control inicial das emerxencias que poden producirse, respondendo as preguntas: "¿Qué se fará, quen o fará, cando, cómo e onde se fará?, planificando a organización humana cos medios necesarios que a posibilite.

3.1 Organigrama do servizo de seguridade

A organización do servizo de seguridade nun centro escolar pode estar baseada en persoas que habitualmente realizan outras tarefas, tampouco sole haber unha persoa dedicada unicamente ás tarefas de mantemento.

No centro escolar que nos ocupa existen persoas que en menor ou maior medida cobren estas funcións, tendo esta idea como base, confeccionase un organigrama xenérico e descríbense as funcións e características das persoas que se responsabilizarán destes aspectos.

3.2 Descrición de funcións

Nos edificios escolares é necesario dispor dun plan de emerxencia e constituír un órgano vital como é a Xunta de Autoprotección Escolar para tódalas tarefas propias de implantación e mantemento do plan.

A Xunta de Autoprotección do Centro está formada polos membros que poden desenvolver funcións para neutralizar calquera incidente, ademais de contar algún membro da dirección, como membro que pode aportar algúns detalles propios das instalacións e persoal non habitual no edificio.

É conveniente que se reúnan, ó menos, trimestralmente e que as ditas reunións permitan activar calquera diferenza de seguridade neste edificio e fixar a práctica de evacuación do edificio ata as zonas de seguridade, como exercicio anual necesario.
A continuación descríbense as funcións a desempeñar e outras instrucións para cada responsable.
3.2.1 Director/a do centro.
En todo o concernente á Seguridade do centro escolar, o director/a ou a persoas con quen delegue, deberá realizar as seguintes funcións:
Nombrar o xefe de seguridade, elixindo ó candidato mais idóneo para desempeñar as súas funcións de dándolle a autoridade necesaria para desempeñalas.
Buscar a forma de incentivar o labor do xefe de seguridade, e do resto dos integrantes do servizo de seguridade, de acordo co servizo de seguridade e hixiene no traballo.
Será o portavoz do centro, ante a administración pública, responsable da seguridade, de forma que expoña os problemas graves que poidan prensentarse no centro e as posibles solucións ós mesmos.
3.2.2 Xefe de seguridade
Será responsable directo da seguridade do centro
Propondrá e seleccionará ós compoñentes do equipo ó seu mando
Organizará a formación e entrenamento do persoal do servizo de seguridade, empregados e persoal administrativo.
Estará informado continuamente polo encargado de mantemento do estado e funcionamento de tódolos elementos de seguridade.
Coñecerá perfectamente o plan de emerxencia do centro escolar e será o encargado de te-lo posto o día nos aspectos que lle correspondan.
Terá informada á dirección do centro escolar e ó comité de seguridade de cantas anomalías e necesidades se observen no mesmo centro, para o cal contarán cun rexistro o ficheiro no que se reflicten todas aquelas, que, ben sistematicamente ou de forma puntual, observense os sistemas de seguridade e almacenamento nos edificios, así como os usos e actividades nos mesmos edificios.
Coñecerá o manexo das chaves e interruptores xerais e interruptores xerales de corte e apertura de instalacións no centro escolar.
Intervirá na preparación e realización de simulacros.
No caso de sinistro dirixirá as actuacións do equipo o seu mando, danto orde de manter, no caso de evacuación, as portas de saída ó exterior abertas e sen obstáculos.
Será o encargado da transmisión de alarma xeral e da indicación da fin da mesma. Esta decisión tomarase de acordo co xefe dos servizos de emerxencia exteriores que actúen, no caso de que estes intervirán.

Presentará todo o apoio posible ás actuacións dos servizos exteriores de intervención.
Manterán contacto con estes servizos en períodos de normalidade.
No caso de que o centro teña un responsable de mantemento con dedicación plena, perfectamente podería realizar el mesmo as funcións do xefe de seguridade. No caso contrario, haberá que pensar en algún empregado que reunira no maior grao posible nas características anteriormente citadas.
3.2.3 Responsable da recepción e/ou telefonía
Coñecerá perfectamente a rede de alarma exterior, actualizando periodicamente os teléfonos dos servizos exteriores de emerxencia.
Coñecerán os códigos de pre-alarma e alarma, si é total e/ou parcial, avisos de seguridade ós empregados, etc…
Estará ás ordes do xefe de seguridade.
3.2.4 Equipo de primeira intervención (E.P.I.)
Os compoñentes deste equipo serán seleccionados entre o persoal que presta os seus servizos no centro. Son os encargados de atacar o incidente na primeira intervención, sen que por iso supoña correr perigo para as súas propias vidas.
Deberán estar informados dos riscos e das posibilidades do sinistro.
Coñecer os medios cos que está dotada a zona onde realizan o súa labor cotidiá e saber empregalos.
No caso do accidente o incendio actuarán baixo as ordenes do xefe de seguridade, para o cal terán que coñecer perfectamente cal é cometido a desenvolver.
Serán os encargados de canalizar a evacuación, orientando ós asistentes cara a ruta de evacuación, colocándose nos lugares previamente asignados.
No caso de intervención dos servizos de socorro exteriores colaborarán con eles nas tarefas que lles sexan encomendadas polo xefe de intervención.
3.2.5 Xefes de planta
Son os responsables de velar pola seguridade das distintas zonas de que consta o centro.
Dadas as características deste podería ser o mesmo xefe de seguridade o que exercera as funcións de xefe de zona xa que as súas funcións son similares no contido, diferenciándose unicamente na superficie a cubrir.
3.3 Esquemas de actuación
A continuación danse instrucións xerais a seguir dentro do plan de prevención no caso de que ocorran diferentes incidentes, accidentes ou grandes emerxencias.

Ficha nº 1. PREVENCIÓN DE INCENDIOS.
Previr posibilidade de incendio, revisando as instalacións periodicamente.
Non acumular lixo ou outros combustibles en sitios inadecuados.

Non fumar en lugares perigosos
Incluír na prevención na formación do persoal
O persoal debe coñecer o funcionamento dos medios de extinción a súa disposición.
Débense realizar simulacros de modo que o persoal adquira conciencia da importancia da prevención, e de que esta xoga un papel fundamental no seu posto de traballo.

Ficha nº 2. CONATO DE INCENDIO
Transmitir o incidente a conserxería e/ou dirección
Conserxería avisa á dirección e este en función dunha rápida avaliación avisará ó 112. Ordenará que se emita o sinal de alarma
- Tratando de evitar que se propague
- Retirando os materiais facilmente combustibles
- Evitando correntes de aire
- Cerrando fiestras e portas de sectorización
- Intentando extinguilo sen correr riscos innecesarios co extintor mais preto,(mentres tanto outra persoa acercará outro extintor).
- Iniciar a evacuación da zona afectada cando:
- A velocidade de propagación recomenda non esperar a orde xeral
Se desta instrución por parte da dirección
- Conservar a calma e controlar o pánico. É a mellor forma de realiza-las acción correctamente e infundir seguridade ás demais persoas.

Ficha nº 3 CHEIRO A QUEIMADO OU PRESENCIA DE FUME
Dar aviso a conserxería e/ou dirección notificando onde se detecta o fume.
Conserxería avisa á dirección e este en función dunha rápida avaliación avisará ó 112. Ordenará que se emita o sinal de alarma
Intentar localizar con precisión a fonte de emisión de fume ou do cheiro a queimado.
Evacua-la zona cando así o comunique o xefe de seguridade.
A evidencia do incendio fai supoñer a necesidade de abandona-las instalacións
Evitar que se propague o fume pechando as ventás e tódolos sectores de incendio, pero sen que isto impida entrar ós bombeiros ó saír algún afectado.
Conserva-la calma.

Ficha nº 4. EXPLOSIÓN DE GASES
Dar notificación inmediata a conserxería e/ou dirección.
Conserxería avisa á dirección e este en función dunha rápida avaliación avisará ó 112.
Ordenará que se emita o sinal de alarma

Evitar que os danos xa producidos poidan aumentar:
Apagando o posible conato de incendio
Retirando ou apuntalando aqueles materiais susceptibles de provocar unha nova explosión, de producir un incendio ou de inferir lesións ós xa feridos ou a quen acuda no seu auxilio.
Inicia-la evacuación dos lesionados.
Impedir o acceso ós curiosos
Conserva-la calma

Ficha nº 5-FALLO DAS INSTALACIÓNS
Entro deste apartado podemos distinguir varias situacións:
Inundación
Fallo das líneas eléctricas
Xeralmente, todas estas circunstancias, aínda que se clasifiquen de emerxencia, sonno en canto que alteran a orde establecida, e en principio non van a supoñer un perigo directo ou inmediato para a seguridade das persoas ou das cousas.
Dar aviso á conserxería e/ou dirección.
Conserxería avisa á dirección e este en función dunha rápida avaliación avisará ó 112. Valorará que se emita ou non o sinal de alarma
Levar a cabo aquelas puntuais encamiñadas a reducir no posible os danos.
Sinalizar, no seu caso, a zona afectada para evitar posibles novos accidentes.
Retirar aqueles materiais que poidan dar lugar a un novo percance.

Ficha nº 6-OBXECTO SOSPEITOSO
Por obxecto sospeitoso entendemos todo tipo de paquete, carteira, bulto etc. do que se descoñece o seu propietario ou procedencia situado nalgún lugar inhabitual e que incluso pode emitir ruídos.
Dar aviso á conserxería e /ou dirección, notificando a presenza do obxecto sospeitoso e o lugar onde se atopan.
Conserxería avisa á dirección e este en función dunha rápida avaliación avisará ó 112 e policía nacional, autonómica.
Valorará que se emita ou non o sinal de alarma.
Tratar de saber a quen pertence.
Aislalo dos obxectos ou materiais que poidan, no caso de explosión, da lugar a que aumenten as dimensión do suceso.

Ficha nº 7-NORMAS XERAIS DE EVACUACIÓN

O sinal de alarma para a evacuación será de forma de manual, a través do interfono, ben a través da megafonía e/ou a través dos pulsadores automáticos si estes existiran.
As normas xerais de actuación para realiza-la evacuación son:
Cada zona ten asignado unha orde de desaloxo que deberá ser dende as plantas inferiores ata as superiores, e dende as estancias máis próximas na escaleira ata as máis alonxadas preferentemente, aínda que neste caso de que o fluxo de persoal sexa canalizado proporcionalmente entre o número de escaleiras e saídas de evacuación existentes.
As persoas encargadas pecharán as ventás antes de evacuar a estancia/sala.
Nunca deberá volverse atrás.
Baixarase en orde, ó lado da parede, rápido pero sen correr nin atropelarse.
Os clientes e /ou público en xeral deberán segui-las indicacións dos responsables e xefes de zona sen tomar iniciativas persoais.
Non se debe recoller equipaxes nin ningún outro utensilio.
NOTA.- é aconsellable expoñer estas normas ós alumnos e acompañantes, reproducíndose de forma máis gráfica no apartado 5.3.
Seguridade nos períodos non laborables
A actividade deste centro é a tempo parcial, o que non nos proporciona unha vixiancia continua da actividade.
Isto non exclúe a inspección diaria do conserxe ou responsable do mantemento, antes das horas de descanso e períodos non laborables, desenvolvendo unha actividade de comprobación e control de aqueles puntos previsibles de riscos que existen no centro.
Tres son as actividades que deben realizar para a seguridade e control do centro:
Inspeccionar os elementos capaces de provocar un incendio (aparellos eléctricos, sala de caldeiras, etc. ).
Vixiancia das áreas ou zonas en que puidera aparecer un sinistro (laboratorios, almacéns, ximnasios, salóns, …)
Establecer ronda de control de peche de todas as vías de acceso ó centro escolar.

3.5. Clasificación de emerxencias
Para desenvolver todo o plan de emerxencia debemos establecer o conxunto de normas que nos indiquen en todo momento os niveis de emerxencia. Ditos niveis clasificarémolos da seguinte forma:
Conato de emerxencia:
É o accidente que pode ser dominado e controlado de forma sinxela e rápida polo persoal e medios de protección do local, dependencia ou sector.
Emerxencia parcial:

É o accidente que para ser controlado require dos servizos de emerxencia do sector. Os efectos da emerxencia parcial quedarán limitados a un sector e non afectará a outros sectores colindantes nin a terceiras persoas.
Emerxencia xeral:
É o accidente que precisa da actuación de tódolos equipos e medios de protección do establecemento e a axuda de medios de socorro e salvamento exteriores.
Con ela sinalase a necesidade de proceder a evacuación total do edificio, ben sexa pola aparición dun sinistro de grandes proporcións o pola ameaza dun accidente.
Afectaría ó servizo de seguridade, ós xefes de zona e solicitarase axuda exterior (112) a través do xefe de seguridade do centro escolar, ou de quen teña asignado tal competencia.
Os diferentes tipos de emerxencias transmitiranse mediante megafonía ou instalación realizada ós efectos, sendo imprescindible o coñecemento por tódolos empregados, mestres e alumnos do código de tons que se utilice.

3.6. Secuencia de transmisión da emerxencia
A forma de transmisión iniciase cando alguén descobre o incidente, cando de forma automática activase unha instalación fixa ou cando se recibe unha chamada de ameaza.
A alarma débese transmitir á central de seguridade, que pode establecerse en conserxería ou secretaría.
O recibi-la alerta dunha emerxencia nesta central o que recepcione a mesma debe alertar ó xefe de seguridade
Os responsables do edificio a partir deste momento poñerán en funcionamento ó conxunto de accións para resolve-lo incidente.
Incendio, ameaza de bomba ou accidente
Cando se detecte calquera destes supuestos, decretarase o conato de emerxencia ou a emerxencia parcial, situación na que o xefe de seguridade (equipo de intervención), avaliará a situación ou incluso a resolverá cos medios de que dispoña o edificio (extintores, botiquín, etc.).
Nos casos de sobrepasar a capacidade de resposta do edificio, decretarase a emerxencia xeral e procederase á petición de axuda exterior, simultaneándose os primeiros auxilios, evacuación ou outra medida disposta.
Con carácter divulgativo deberían proporcionarse ós diferentes esquemas de actuación para os casos de emerxencia no edificio. É importante que copias dos ditos esquemas sexan difundidos no edificio.
Fin de alerta/emerxencia
Será o responsable do servizo externo que houbera intervido, o único que transmitirá dita instrución ó xefe de seguridade do edificio.
Este, a súa vez comunicarallo á totalidade do persoal, dando por controlado o incidente.

3.7. Condicións de evacuación

O C.E.I.P. “Mar de Fóra” é evacuable, aínda que é necesario un entrenamento e sinalización das vías de evacuación.

En xeral, cando a evacuación é necesaria, precísase, en primeira instancia, coñecer e identificar o sinal de emerxencia, desta forma a saída ó exterior será ordenada e eficaz.

Orientativamente e a expensas dos resultados dos sucesivos exercicios de evacuación, proporcionamos un esquema de evacuación do edificio.

| PLANTA-ZONA | EVACÚAN POR | PUNTO DE REUNIÓN |
|---|---|---|
| Planta baixa | Portas de saída exterior | Patio |
| Primeira Planta | Escaleiras | Patio |
| Segunda Planta | Escaleiras | Patio |

Exercicios de evacuación

Deberanse realizar un simulacro cunha periodicidade dun ano, no que interveñan a totalidade do persoal, así como a maior cantidade de alumnos posibles.

Avaliación dos exercicios de evacuación

É moi importante que os resultados e incidentes observados durante a realización do simulacro veñan recollidos nunha fichas destinadas ós efectos, así como os tempos empregados, a fin de poder corrixir as desviacións observadas nos sucesivos exercicios.

3.8. Chamadas prioritarias

Central de chamadas

Tódalas chamadas que deban efectuarse nunha emerxencia, deberán facerse dende a central telefónico ou dende a conserxería.

As chamadas faranse seguindo esta orde:

Recepción de alarma na central. Dende aquí avisarase o xefe de seguridade.

Confirmación por parte deste, do sinistro e chamada ós servizos exteriores de emerxencia (112).

Localizado o xefe de seguridade será él quen indique ó encargado da central, as chamadas a facer e a súa prioridade.

4.- IMPLANTACIÓN DO PLAN DE AUTOPROTECCIÓN

4.1. Responsabilidade e obxectivos

Será responsabilidade do director ou directora do centro a implantación do Plan de Autoprotección.

O plan de autoprotección é un documento que nos debe servir para marcar unhas pautas iniciais. Despois, e entre todos adaptaremos, mantendo o seu espírito inicial.
Existen dous obxectivos a conseguir coa posta en marcha do Plan:
1.- Evitar riscos nas instalacións.
2.- Ensinarnos, a todos, a dar os primeiros pasos de seguridade nun lugar de pública concurrencia, pasos que nos axudarán a coñecer cada norma de prevención implantada, así como as pautas de actuación nos distintos tipos de emerxencia expostos no plan.

4.2 Medios técnicos

Atendendo á practicidade do plan, é convinte arquivar nesta mesma carpeta aqueles contratos de mantemento, follas de recarga de extintores, de revisión de instalacións, etc.
Para a información das axudas externas, en caso de emerxencia, disporase a ser posible, nos accesos o centro escolar, un xogo de planos completo colocados dentro de un armario inífugo, con rótulo “USO EXCLUSIVO DE BOMBEIROS”.

4.3 Programas de formación e difusión

Para conseguir a adecuada implantación do plan de autoprotección no edificio, os compoñentes do servizo de seguridade deberán recibir unha información básica que lles permita o desenvolvemento das actividades propias do edificio, cumprindo as condicións de seguridade.
Esta formación ós integrantes do servizo de seguridade debe incluír teórica e práctica. Esta formación deberase realizar, ó menos, cunha periodicidade anual, sen esquecer as reunións que debe realiza-lo comité de seguridade, ó menos, trimestralmente.
A evacuación é un aspecto importante dentro da seguridade dos integrantes do edificio, sendo necesario que ó inicio de cada curso escolar, se establezan as pautas de cada compoñente do servizo de seguridade, coa fin de poñer en marcha o plan de emerxencia e evacuación.
Posta en común do plan de autoprotección
Dirixido a todo o persoal docente e non docente.
Temario:
Plans de emerxencia
Riscos ós que está sometido o Edificio
Normas de prevención
O Plan de autoprotección é un documento que debe ser coñecido por todo o persoal do edificio, na medida que a cada un deles lles corresponda.
Anteriormente viuse cales son as funcións dos integrantes do servizo de seguridade ante unha emerxencia, o que presupón que os compoñentes de ditos servizos deben coñecer moi ben o citado plan.
O resto do persoal que desenvolve a súa actividade cotiá no edificio, terá que coñecer así mesmo a función que lle corresponda na emerxencia.

Polo tanto, será necesario elaborar unhas instrucións dirixidas a todas estas persoas, nas cales se especifique de forma clara e concisa, que deben facer en caso de sinistro e da conduta que deben seguir para evitar a súa aparición.
Preparación e realización de simulacros
En todo o plan de autoprotección debe comprobarse a súa eficiencia e a operatividade coa realización periódica de simulacros que permitan a tódolos membros do edificio observar as tarefas que deben realizar para conseguir unha preparación básica idónea.
O simulacro debe ser coñecido por todas as persoas que forman parte do edificio e a dirección do simulacro debe recaer no xefe de seguridade.
Calquera tipo de simulacro debe servirnos para aplicar as diferentes fases que desenvolven nunha emerxencia.
Localización da emerxencia
Comunicación da mesma
Transmisión de alarma
Comportamento colectivo
Deben participar e evaluar a súa resposta:
Xefe de seguridade
Equipo de intervención
Xefes de zona
É necesario tomar datos de actuación que nos permita correxir algún erro no desenvolvemento do conxunto do simulacro.
Didáctica da autoprotección
A autoprotección
A Lei de Protección Civil (2/85 do 21 de xaneiro), aborda a autoprotección dende “ a comprensión e a participación de toda a poboación en tarefas propias da protección civil, das que os cidadáns son, o mesmo tempo, suxeitos activos e beneficiarios”.
Trátase de estimular unha conciencia social de prevención, dende o mínimo accidente á máxima situación de alerta e/ou alarma. Unha conciencia social que asume o risco dende o seu coñecemento, que sabe aproveitar o progreso tecnolóxico, aceptando os seus riscos e medindo as súas consecuencias.
Cando falamos de autoprotección falamos de calidade de vida, de benestar social, de equilibrio ecolóxico entre a persoa e o medio. Lonxe quedan as calamidades e os desastres naturais vistos como sucesos mitolóxicos de difícil explicación.
Un país moderno e progresista debe asumir a protección civil como un factor esencial na súa calidade de vida e promover, dende as institucións públicas e privadas, a participación social de tódolos cidadáns.

Una escola moderna e progresista, debe asumir a autoprotección como un compromiso fundamental cara dentro, “optimizando a xestión” do centro escolar e cara fóra, “ educando na autoprotección” de futuras xeracións.

A autoprotección na escola

A autoprotección na escola proponnos a planificación de traballo en e dende a escola, na súa vertiente de risco intrínseco como edificio, como lugar de traballo, de estudio, etc… e na súa función educativa, capacitando, estimulando, transmitindo valores e coñecementos a eses cidadáns do futuro.

Obxectivos

Coñecer as características do entorno onde está ubicado o centro.

Coñecer as características físicas e arquitectónicas do colexio e as súas instalacións.

Identificar os riscos e perigos do entorno máis inmediato (rúa e casa).

Identificar os riscos e perigos do centro escolar e as súas instalacións.

Coñecer os medios e recursos cos que conta o centro fronte ós riscos e perigos.

Adquirir pautas de comportamento preventivas ante a posibilidade de aparición de riscos e perigos.

Adquirir hábitos e destrezas de autocontrol, autoprotección e cooperación.

A Xunta de Autoprotección Escolar proporá ó Consello Escolar os contidos, actividades, recursos, metodoloxía e a temporalización para alcanzar os obxectivos propostos.

TABOA I

| Equipo ou sistema | Cadro | |
|---|---|---|
| | Tres meses | Seis meses |
| Extintores de incendio | Comprobación da accesibilidade, bo estado aparente de conservación, seguros, precintos, inscricións, mangueira, etc.<br>Comprobación do estado de carga (peso e presión) do extintor e do botellín de gas impulsor( de existir), estado das partes mecánicas (boquilla, válvulas, mangueira, etc.) | |
| Bocas de incendio equipadas BIE | Comprobación da boa accesibilidade e sinalización dos equipos.<br>Comprobación por inspección de tódolos compoñentes, procedendo a desenrolar a | |

| | | |
|---|---|---|
| | mangueira en toda a súa extensión e accionamento da boquilla no caso de ter varias posicións.<br>Comprobación, por lectura do manómetro da presión do servizo.<br>Limpeza do conxunto e engrases de cerres e visagras en portas do armario. | |

TABOA II

| Equipo ou sistema | Cada | |
|---|---|---|
| | Ano | 5 Anos |
| Extintores de incendio | Verificación do estado de carga (peso, presión) e no caso de extintores de po con botellín de impulsión, estado do axente extintor.<br>Comprobación da presión de impulsión do axente extintor.<br>Estado da mangueira, boquilla ou lanza, válvulas e partes mecánicas. | A partir da data de timbrado do extintor (e por tres veces) retimbrarase o extintor de acordo coa ITC-MIE AP.5 do regulamento de aparatos a presión sobre extintores de incendio |
| Bocas de incendio equipadas (BIE) | Desmontaxe da mangueira e ensaio desta en lugar adecuado.<br>Comprobación do correcto funcionamento da boquilla nas súas distintas posición de do sistema de peche.<br>Comprobación da estanqueidade dos racores e mangueira e estado das xuntas.<br>Comprobación da incidación do manómetro con outro de referencia (patrón) acoplado no racor de conexión da mangueira | A mangueira debe ser sometida a unha presión de proba de 15 $kg/cm^3$ |

Todos os anos facemos unha formación e un simulacro ca empresa Gesplan. Este ano fixemos unha formación o 19 de outubro, está pendente o simulacro, sempre respetando as medidas de seguridade e distancia.

## 18. PLAN DE ORGANIZACIÓN E COORDINACIÓN DAS TAREFAS DO PERSOAL NON DOCENTE.

No Centro non dispoñemos de conserxe nin de persoal laboral do concello. Polo que o equipo directivo encárgase de abrir e pechar o colexio, levar o correo e ir ao banco. As tarefas de mantemento son desempeñadas polo persoal do concello cando a directora os avisa. Contamos con dúas persoas para limpeza do Centro , que depende dunha empresa de limpeza que contrata o Concello .

Ao igual que o ano anterior debido á situación do COVID temos unha persoa da limpeza pola mañá que ven de 10 a 13 todos os días. Polas tardes, comezan sobre as 17:00 horas e rematan sobre as 19:00 - 19:30 mais ou menos.

Dispoñemos de coidadora a xornada completa de luns a venres para dúas alumnas.

## 19.HORARIO DE ATENCIÓN AO PÚBLICO

Como xa queda indicado no punto 10 as familias acudiran ao centro con cita previa tanto para titorías como para dirección ou secretaría.

## 20. PLAN PARA A POTENCIACIÓN E ORGANIZACIÓN DAS RELACIÓNS DA COMUNIDADE COA FAMILIA.

A celebración das reunións ordinarias de titorías coas familias do alumnado é os martes de 16:00 a 17:00. En c aso de non poder celebrarse nese horario, excepcionalmente, farase noutro no que o/a titor/a teña dispoñible. Poderán tamén solicitar a entrevista cos especialistas.

No 1º trimestre celebrarase unha reunión por parte de cada docente cos país, nais ou titores legais de alumnos da súa titoría, na que se tratarán , entre outros, os seguintes temas:

- Normas xerais de réxime interno.
- Organización do presente curso escolar.
- Obxectivos xerais do seu nivel.
- Criterios de avaliación.

O Centro manterá informados aos pais, nais ou titores legais mediante circulares ou notificacións persoais , daquela información da que precisen dispor, e noutros casos de maior trascendencia ou complexidade do asunto a tratar, serán citados a unha reunión co equipo directivo.

Este ano organizarase una charla cos país, nais de 5º e 6º sobre temas que lle preocupan aos seus fillos/fillas. Ditas charlas serán dadas por persoal especializado (garda civís, bombeiros, policía).
Manteremos tamén contacto permanente coa ANPA do centro. Este ano cambia a directiva.
De acordo co establecido no decreto 105/2014 do 4 de setembro, na súa disposición adicional terceira, as tarefas extraescolares de reforzo e afondamento quedan a criterio dos/as diferentes mestres/as, principalmente aquelas que o alumnado non dera rematado no horario lectivo tendo sempre en conta a adecuada conciliación da vida familiar e persoal, pero sen esquecer o fomento dunha cultura do esforzo e do traballo.

## 21. PLAN DE TRANSPORTE ESCOLAR

A Empresa que realiza este servizo é " Monbus". O percorrido ao centro faise en dúas rutas nas entradas coma nas saídas.
Sempre so colocan no mesmo lugar para recoller ao alumnado e que non haxa confusión sobretodo cos mais pequenos. O total de alumnos que utilizan o Transporte Escolar é de 46
Ese ano seguindo o protocolo cada nen@ terá un asento asignado fixo para todo o curso.

A continuación móstrase unhas táboa cos contratos e as paradas asignadas a cada un.

| **Contrato 99CO0295** | Paradas | Alumnos/as | Comparte con IES Fin do Camiño |
|---|---|---|---|
| Entrada | O Bispo, vilar de Duio, Vigo, Mallas, Denle e Castromiñán | 18 | Non |
| Saída | S. Roque, S. Martiño de Arriba, O Bispo, Vilar de Duio, Denle e Castromiñán. | 28 | Si |

| **Contrato 99CO0296** | Paradas | Alumnos/as | Comparte con IES Fin do Camiño |
|---|---|---|---|
| Entrada | S. Roque, S. Martiño de Arriba, Anchoa-S.Martiño, Anchoa-Escasela | 28 | Non |
| Saída | Anchoa-S.Martiño, Anchoa-Escasela, Vigo, Mallas | 18 | Si |

Na seguinte táboa móstrase a relación de alumnado por parada.

| | ANCHOA-S.MARTIÑO | ANCHOA-ESCASELA | VIGO | MALLAS | SAN SALVADOR | SAN ROQUE | S.MARTIÑO ARRIBA | BISPO | VILAR | DENLE | CASTRO MIÑÁN | TOTAL |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **4º EI** | | | | | | | | | | | | 0 |
| **5º EI** | | Celia L.<br>Yanira S. | | | | Elisardo P.<br>Izan R. | Chloe C. | | | | | 5 |
| **6º EI** | | Aisha L.<br>Roi S. | Lola M. | | | Elsa C.<br>Azahara H.<br>Mateo L.<br>Joel M. | | | | | | 7 |
| **1º EP** | | | Juan [1] | | | Carmen G. | Bela | | | Diego Nagore | Anxo | 6 |
| **2º EP** | | Carla V. | | Alexis | | Paulo L.<br>Mía P.<br>Carla L. | | Aitor | Carlos | | | 7 |
| **3º EP** | | Gabriel[2] | Ignacio[1] | Lola | | | | | Amy | Joel | | 5 |
| **4º EP** | Leo | | | | | Laura<br>Naiara | | | | Noa | | 1 |
| **5º EP** | Yeray | | Clara[1] | Andrea<br>Mateo | | | Mario | | Álex | | | 6 |
| **6º EP** | Ryan<br>Anxo[3] | | Adrián | | | Aroa<br>Mencía<br>Elisalain | | | | | | 6 |
| **TOTAL** | 4 | 6 | 5 | 4 | 0 | 15 | 3 | 1 | 3 | 4 | 1 | 46 |

## 22.REGULAMENTO DA ORGANIZACIÓN DO COMEDOR

O centro non dispón deste servizo.

## 23. PLAN DE UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS DO CENTRO

As instalacións do Centro están dispostas para ser utilizadas polos alumnos sempre baixo a supervisión directa do mestre ao longo do período lectivo. Unha vez que a xornada remata son utilizadas, previa petición á Dirección do Centro, para levar a cabo as actividades extraescolares que se fan pola tarde.

Sen embargo este ano debido á situación polo COVID, a AMPA decidiu non realizar actividades extraescolares por non garantir as medidas de seguridade establecidas no protocolo.

En canto a espazos como Biblioteca e Aula de Informática, temos unhas quendas xa establecidas para o uso deles por parte dos distintos niveis do Centro e unhas horas libres para utilizar cando o titor considere.
En verán o Concello solicita o uso das instalacións para realizar o campamento Respira no mes de xullo unha vez aprobado pola inspectora.

## 24. PLAN DE ACTIVIDADES PROPOSTAS POLA ANPA

Este ano hai un cambio de directiva e están a facer os trámites para a nova ANPA. Aínda así a nova presidenta e as súas compoñentes xa nos comunicaron que este ano en principio non habería actividades.

## 25.PLAN XERAL DE AVALIACION DO CENTRO.

Cada mestre/a fará un seguimento continuo do seu alumnado a través de diferentes instrumentos de avaliación en cada trimestre.
As conclusión obtidas poñeranse en común nunha data establecida na que o profesorado comentarán o caso de cada un e as posibles futuras medias a tomar.
Farase unha reunión a parte con aqueles nenos e nenas que teñan ACI para poder dedicarlles mais tempo.
A información que se envía ás familias é mediante o boletín e ao remate de cada trimestre.
Ao final de curso avaliaranse os obxectivos prantexados e o seu grao de consecución, así como as competencias básicas e as actividades realizadas, as dificultades atopadas e as medidas a ter en conta para acadalos e que deberán constar na memoria de final de curso.

## 26. PROGRAMAS OU PLANS ANUAIS DE LECTURA.

O presente PAL está deseñado para desenrolarse ao longo do curso 2021/2022 e foi elaborado tendo en conta as instrucións do 1 de setembro de 2021 da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos en relación coa organización e o funcionamento das bibliotecas escolares así coma o anexo Cláusula COVID 19 das devanditas instrucións.

Debido ás especiais circunstancias que seguimos a vivir, durante o presente curso a biblioteca do centro utilizarase coma aula e espazo para reunións do Equipo de Orientación, Consello Escolar e a área de alternativa. Tendo isto en conta e as instrucións do Protocolo COVID 19 da Consellería de Cultura, Educación e Universidades, durante este curso non se poderán levar a cabo moitas das actividades que se viñan realizando ata a de agora.

Se asignará a cada nivel un horario para que poda acudir a biblioteca.

A Comisión de Biblioteca queda constituída polos seguintes membros:

Pérez, Marta…………………Coordinadora ( directora)

Castiñeiras, Patricia............ ( mestra de A.L.)
Quintela, Tania................... (mestra de 2º E.P.)
López , Alicia.......................(orientadora)

Os obxectivos a acadar este ano no Plan Anual de Lectura serán as seguintes:

- Acercar o libro ao alumnado, posibilitándolle o descubrimento das riquezas que conteñen os libros, creando situacións de necesidade de ler e de escribir.
- Potenciar os valores inherentes a toda lectura activa, propoñendo as intervención e o protagonismo do alumno/a recreando, interpretando, modificando textos, comunicando experiencias, colaborando en programas de animación,
- Provocar o interese polos libros en xeral, buscando sempre o dominio de todo tipo de lectura e escritura.
- Poñer a disposición do alumnado técnicas e recursos para traballar e utilizar calquera material bibliográfico co que se atope, creando oportunidades de ler e escribir textos moi diversos cuns claros propósitos e cuns destinatarios definidos.
- Provocar o sorriso, o gozo e o disfrute pola lectura, así como a reflexión crítica, creando situacións e ambientes nas clases e no centro que permitan a interacción entre os profesores, os lectores e os propios textos e que propicien unha maior riqueza na construción de significados

Na elaboración das actividades a realizar para acadar os obxectivos reflectidos anteriormente tivéronse en conta os recursos humanos de que dispón o centro e os medios materias. Así as actividades a realizar serán as seguintes:

- Vinte minutos hora de lectura silenciosa na aula tódolos días.
- Decorar a nova biblioteca e realizar actividades nela
- Abrir a biblioteca aberta tódolos días durante o recreo e polas tardes os martes, xoves e venres.
- Traballar cun xornal aproveitando unha nova local.
- Recortar, rodear… de letras iguais a un modelo, buscándoas en xornais, revistas, publicidade…
- Compoñer mensaxes con letras que atopemos en xornais e que esteamos a traballar na aula.
- Recortar de fotos alusivas ao centro de interese que nese momento se traballe na aula.
- Confeccionar murais con fotos alusivas a un tema.
- Empregar o xornal dixital na aula para coñecer unha nova local ou internacional que teña que ver coa unidade a traballar.
- Enviar correspondencia a outros centros a través do correo electrónico.

## 27. PAUTAS E/OU CRITERIOS XERAIS SOBRE O USO DAS TAREFAS EXTRAESCOLARES.

Procurarase que a maior parte das actividades de aprendizaxe programadas poidan realizarse dentro da xornda lectiva.

Aínda así os acordos establecidos polo claustro son os seguintes:

O alumnado rematará na casa aquela tarefa que non lle dou tempo a facer na clase.

Levarán actividades de reforzo e ampliación para afianzar os contidos explicados na aula.

Se terá en conta a idade do alumnado e se respetará o tempo libre do mesmo.

Estes acordos facilitará que o alumnado cree hábitos de estudio.

## 28. ADENDA DO PROXECTO LINGÜÍSTICO (ANEXO) E ACTIVIDADES QUE SE VAN A DESENVOLVER PARA O FOMENTO E DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA.

Resultado da pregunta aos pais, nais, titores/as ou representantes legais do alumnado antes do comezo do curso escolar acerca da lingua materna do seu fillo/a.

Dos 13 alumnos/as de Educación Infantil aos que se lle enviou a pregunta sobre a súa lingua materna, o resultado foi o seguinte:

- 5 alumn@s :lingua materna o **castelán**
- 3 alumn@s: lingua materna o **galego**
- 5 alumn@s: ambas linguas

**Realidade sociolingüïstica do contorno:** Arredor dun 75% do alumnado do Centro (Infantil, Primaria) utilizan a Lingua Castelá na súa vida cotiá. O restante 25% enténdeo perfectamente. Pero en xeral a maioría dos nenos e nenas pódense considerar bilingües.

●Garantía da presenza das dúas linguas cooficiais.

En **Educación Infantil**, partindo da base de que súa lingua materna é o galego, será a lingua que se utilice na maioría das áreas e na conversa cotiá. Nembargantes como se debe introducir a segunda lingua, o Centro optou por impartir a área de Coñecemento de si mesmo e autonomía persoal en lingua castelá, para garantir a súa aprendizaxe e para que non lle supoña ningún problema en primaria, cando xa teñen o 50% das horas lectivas en cada unha das linguas.

En **Educación Primaria** como resultado da aplicación da LOMCE , o reparto de materias por idiomas queda establecido así:

-Galego:

1º ,3º, 5º: E.F., Lingua galega , Ciencias sociais e Ciencias Naturais

2º: E.A., E.F., Lingua galega e Ciencias sociais e Naturais

4º: E.F., Lingua Galega e Ciencias sociais e Naturais

6º: E.A., E.F., Lingua Galega e Ciencias Sociais e Naturais e Libre Configuración.

-Castelán:

1º, 3º, 5º: Relixión, Lingua Castelá, Matemáticas e E.A.

2º:  Relixión, Lingua Castelá, Matemáticas

4º: Relixión,Lingua Castelá, Matemáticas e E.A. e Libre Configuración.

6º: Relixión, Matemáticas e Lingua Castelá

| Áreas | NIVEIS | | | | | | | | | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | 1ºcurso | | | 2º curso | | | 3º curso | | | 4º curso | | | 5º curso | | | 6º curso | | |
| | G | C | O | G | C | O | G | C | O | G | C | O | G | C | O | G | C | O |
| Matemáticas | | 5 | | | 5 | | | 4 | | | 4 | | | 4 | | | 5 | |
| Lengua | | 4 | | | 4 | | | 4 | | | 4 | | | 4 | | | 3 | |
| Lingua | 4 | | | 4 | | | 4 | | | 4 | | | 4 | | | 3 | | |
| C.S | 3 | | | 2 | | | 3 | | | 2 | | | 2 | | | 3 | | |
| C.N. | 2 | | | 2 | | | 2 | | | 2 | | | 2 | | | 2 | | |
| Inglés | | | 2 | | | 2 | | | 3 | | | 3 | | | 3 | | | 3 |
| E.A. | | 2 | | 2 | | | | 2 | | | 2 | | | 2 | | 2 | | |
| Ed. Física | 2 | | | 2 | | | 2 | | | 2 | | | 2 | | | | 2 | |
| Relixión | | 1 | | | 2 | | | 1 | | | 1 | | | 1 | | | 1 | |
| Libre configuración | | | | | | | | | | | 1 | | | | | 1 | | |
| TOTAL: | 11 | 12 | 2 | 12 | 11 | 2 | 11 | 11 | 3 | 10 | 12 | 3 | 10 | 11 | 3 | 11 | 11 | 3 |

## 29.30. 31. CONSTITUCIÓN, COMPOSICIÓN E ACTIVIDADES DO EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DE LINGUA GALEGA

**ÍNDICE**

1. **Introdución. (p.3)**
    - **1.1 O entorno sociolingúistico do centro**
    - **1.2 A situación do profesorado**
    - **1.3 A situación do alumnado**
    - **1.4 A situación lingúistica do centro**
2. **Novas directrices e Posibles escenarios en función da situación sanitaria: presencial, semipresencial e non presencial. (p.7)**
3. **Compoñentes do Equipo de Dinamización Lingua Galega (EDLG). (p.8)**
4. **Obxectivos. (p.9)**
5. **Extratexias xerais de aprendizaxe para o coñecemento e a adquisición das linguas oficiais. (p.9)**
6. **Actividades a desenvolver durante o curso. (p.10)**

### 1.- INTRODUCIÓN.

Segundo o artigo 5º do Decreto 79/2010, do 20 de maio, o profesorado usará na aula a lingua materna predominante entre o alumnado, coidando sempre a adquisición oral e escrita da outra lingua oficial de Galicia.

Este documento pretende recoller os obxectivos e as actividades que o Equipo de Dinamización da Lingua Galega desenvolverá durante o curso académico 2021/2022

Para lograr expandir o galego na comunicación partimos sempre do entorno máis próximo ata chegar a ámbitos de experiencia máis complexos. É dicir, pretendemos motivar a toda a comunidade educativa para que use o galego tanto dentro coma fora do Colexio. En todo este proceso, consideramos de vital importancia a existencia dunha colaboración entre os diferentes equipos do centro para acadar acordos en común e lograr deste xeito un desenvolvemento satisfactorio das actividades propostas.

Tamén hai que destacar que a nosa tradición e cultura galegas aparecen recollidas na maioría das festividades que celebra o centro. Entre elas atopamos: “O Magosto”, “O Samaín” e “O Entroido”.

Ademáis, as actividades extraescolares reflicten os nosos costumes que se amosan a través de bailes rexionais, pandeiretas e cantigas galegas. Polo tanto, unha boa parte das actividades do centro están encamiñadas a promocionar a lingua galega dun xeito lúdico e

creativo manifestándose a través da música, o cine, o teatro, a literatura, os xogos populares e a ciencia. Tamén pretendemos divulgar os traballos realizados a outros centros do entorno permitíndonos coñecer novas experiencias.

### 1.1 O ENTORNO SOCIOLINGÜÍSTICO DO CENTRO

O CEIP "Mar de Fóra" atópase no Concello de Fisterra, situado no núcleo urbano de dito municipio. A vila está enclavada no corazón da Costa da Morte, nunha ampla comarca formada por municipios nos que predomina a paisaxe e as actividades típicas da costa galega. Conta con un total de 4 708 habitantes no 2019 (segundo datos do Instituto Galego de Estatística) distribuídos no núcleo urbano e nas zonas rurais do concello.

As principais actividades económicas da zona son as relacionadas co sector primario, principalmente a pesca, e co sector servizos, onde abunda a hostalaría e hospedaxe. Isto correspóndese a que é un concello costeiro que recibe unha gran afluencia turística debido as súas paisaxes e praias e sobre todo grazas ao Camiño de Santiago.

O feito de que o turismo sexa unha das principais fontes de ingresos económicos, fai que sexa frecuente a presenza dunha grande variedade lingüística e que o sector servizos faga tamén uso dos idiomas predominantes entre os turistas que chegan a Fisterra (inglés, francés e alemán).

### 1.2 A SITUACIÓN DO PROFESORADO

Neste curso 2021/2022 o claustro de profesores está composto por quince membros que desenvolven a súa labor docente nas diferentes etapas e especialidades impartidas no colexio.

No ámbito do profesorado, obsérvanse uns perfís de comportamento sociolingüístico favorables ao uso e fomento da lingua galega xa que tanto o galego como o castelán son empregados habitualmente pola maioría do claustro, existindo unha valoración positiva do idioma e unha boa disposición cara as actividades tendentes á difusión e fomento da nosa lingua.

Deste xeito, toda a documentación dos órganos de goberno e aquela realizada nas diferentes coordinacións, comunicacións ao profesorado, notas informativas, convocatorias e realización de actividades complementarias… realízase en lingua galega, así como tamén as informacións enviadas á pais e nais. No referente á presenza do galego nas actividades

docentes, este faise seguindo o establecido polo *Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüísmo no ensino non universitario de Galicia*.

### 1.3 A SITUACIÓN DO ALUMNADO

O colexio escolariza a 101 nenos e nenas de Educación Infantil e Primaria procedentes todos eles do propio concello.

Despois de levar a cabo unha enquisa entre o alumnado do colexio para coñecer a súa lingua vehicular, preséntase unha táboa onde se comparan os datos recollidos ao longo dos últimos cursos.

| | Falan galego | Falan castelán | Falan as dúas linguas |
|---|---|---|---|
| 2016/2017 | 38,6 | 61,4% | 78,7% |
| 2017/2018 | 32% | 68% | 82% |
| 2018/2019 | 28% | 72% | 81% |
| 2019/2020 | 31% | 69% | 83% |
| 2020/2021 | 32% | 68% | 89% |
| 2021/2022 | | | |

Destes estudos realizados polo propio centro, dedúcese que nun período de tempo moi curto o uso do castelán tivo un aumento entre o alumnado do centro e que a habilidade dos estudantes para cambiar de lingua en función da situación lingüística e/ou de quen sexa o interlocutor/a tivo un notorio aumento.

Cabe puntualizar, que o uso do galego está máis estendido nas zonas rurais do concello que no núcleo urbano sendo frecuente que os nenos e nenas que teñen como lingua inicial o galego, empreguen o castelán nas súas relacións informais cos compañeiros/as e incluso nas actividades de aula.

Cómpre salientar que o galego falado en Fisterra presenta as seguintes características:

- A gheada.
- O seseo.
- Emprego de -i no canto de -e nalgunhas palabras tales como “pilota” ou “mirenda”.
- Emprego do -n final na primeira persoa singular do pretérito: “von” no canto de “vou”. E outros casos –n en canto de “i” ( xogén-xogei, saltén-saltei...)
- Uso de castelanismos (rodilla, abuelo, gafas…)

- O fenómeno “non é galego, é fisterrán” que inclúe todo un dicionario de palabras e expresións propias da zona.

### 1.4 A SITUACIÓN LINGÜÍSTICA DO CENTRO

Tendo en conta a realidade lingüística do CEIP “Mar de Fóra” o centro establece uns fins en relación ao fomento do galego na escola nos que se ven traballando intensamente nos últimos cursos. Así, obsérvase un ambiente favorable á utilización da lingua galega na vida do Centro. O emprego do galego é habitual:

- Na documentación administrativa, no rotulado do Centro e nas notas informativas dos taboleiros.
- Nas comunicacións co alumnado e as familias.
- Na dotación de fondos da biblioteca.
- Na utilización das TICs
- Nas actividades da biblioteca.
- No desenvolvemento de actividades extraescolares.

A principal motivación posta neste proxecto é que a lingua galega sirva de fío de encontro, socialización, colaboración e participación entre os distintos membros da nosa comunidade educativa (profesorado, alumnado, familias e persoal non docente) e do contorno. Deste xeito, é importante o afianzamento da lingua galega nos diversos ámbitos sociais: literatura, deportes, artes plásticas, tradicións, medios e novas tecnoloxías da información e da comunicación.

## 2. NOVAS DIRECTRICES E POSIBLES ESCENARIOS EN FUNCIÓN DA SITUACIÓN SANITARIA: PRESENCIAL, SEMIPRESENCIAL E NON PRESENCIAL

*Neste curso 2021/2022 a situación cambiou a mellor con relación á pandemia podendo seguir as directrices de presencialidade do curso anterior 2020/2021, de tódolos xeitos non sabendo en como podería tornar a situación inclúo nesta programación as accións que se levarán ao cabo no caso de novos confinamentos seguindo o plan deseñado nas instruccións do 30 de xullo do 2020 a espera de novas directrices se se dera o caso.*

Tendo en conta a situación e imprevistos provocados polo COVID-19 e o emitido en base á Orde EFP/365/2020, de 22 de abril, pola que se establecen o marco e as directrices de actuación para o terceiro trimestre do curso 2019-2020 e o inicio do curso 2020-2021, ante a situación de crise ocasionada polo COVID-19 e as Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

Adaptaremos e prepararemos as os proxectos e traballos á situación que poida xurdir ao longo do curso 2021/2022. Seguiremos a programación tal e como se describe no presente documento.

No caso de semipresencialidade ou de voltar a situación non presencial xa vivida, tomaremos as seguintes medidas:

Concienciación e preparación previa por si se da o caso, e dicir, os alumnos contarán con equipos e conexión a internet. No caso de non ser así o colexio ocuparase de facilitarlle o material necesario como xa se fixo no curso anterior.

Preparación no manexo das plataformas necesarias como PLATEGA, WEBEX, AULA VIRTUAL, WEB DO COLEXIO...

As actividades e o seguimento do EDLG seguirá adiante dende casa, é dicir, os alumnos contarán co acceso a web do cole onde se presentarán traballos e as propostas como por exemplo, o blog que fixemos para a celebración do Día das Letras Galegas o curso pasado.

## 3.- COMPOÑENTES DO EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA.

Durante este curso 2021/2022 os integrantes do Equipo de dinamización da Lingua Galega son seguintes:

- Mateo López Robles (Dinamizador, Música, 3ºEP)
- María del Carmen Romero López (PT)
- José Luís Vazquez Carballido (4º EP )
- Cristina Díaz Novoa (1ºEP)

## 4.- OBXECTIVOS

- Promover e potenciar o uso da lingua galega en todas as actividades do centro.
- Buscar colaboración coa comunidade educativa nas actividades que se pretendan levar a cabo no centro relacionadas coas costumes, a tradición e a cultura galegas.
- Difundir o uso do galego a través das novas tecnoloxías da información e a comunicación.
- Participar nas actividades literarias do centro.
- Potenciar a lectura de obras galegas a través de diferentes soportes.
- Establecer relacións elementais entre as diversas linguas e lograr unha competencia comunicativa integrada
- Fomentar o gusto e o respecto polas manifestacións da tradición oral.
- Facilitarlle ao profesorado material axeitado para potenciar a incorporación da cultura galega no ensino.

## 5.-ESTRATEXIAS XERAIS DE APRENDIZAXE PARA O COÑECEMENTO E ADQUISICIÓN DAS LINGUAS OFICIAIS

A continuación, presentamos unha serie de actividades e estratexias que favoreceron a adquisición de ambas linguas oficiais. Son as seguintes:

- Saúdos
- Asembleas e diálogos
- Lectura, comprensión e invención de contos
- Contacontos
- Biblioteca escolar e de aula
- Observación de láminas
- Cancións, adiviñas e trabalinguas
- Expresión de necesidades e sentimentos
- Exercicios de recordo e memorización
- Dramatizacións
- Recoñecemento de fonemas (visual e auditivamente)
- Recoñecemento de palabras
- Descubrimento de novas palabras
- Lectura silenciosa e en voz alta
- Expresión oral do comprendido

## 6. ACTIVIDADES A DESENVOLVER DURANTE O CURSO.

**1º TRIMESTRE :**

**DÍA DO ENSINO:** O venres 8 de outubro prepararemos unha reflexión e actividade a nivel de aula para celebrar o día do ensino que é o día 11 (festivo).

**MAGOSTO E SAMAÍN:** na semana do 25 de outubro estudamos e traballamos o Magosto, o Outono e o Samaín.

Actividades como:

- A visita da “Santa Compaña” (alumnos disfrazados)

- Festa de disfraces de Samaín
- Magosto que se celebrará nas aulas coas castañas e doces.
- “O Comemedos” exposto para que os nenos e nenas escriban nun papel os seus medos e os meterán na súa boca para ser queimado no patio ao final da semana e así afastar todos os medos.

- Organizaremos xogos populares e cantigas tradicionais do pobo galego. –
- Exposición de froitos típicos do Outono e cabazas previamente decoradas polo alumnado.

**DÍA DA DECLARACIÓN UNIVERSAL DOS DEREITOS HUMANOS:** Coincidindo con esta celebración , o día 10 de decembro prepararemos actividades de reflexión sobre os dereitos humanos.

**NADAL:** Realizamos o concurso de Postais. Este concurso consiste en que cada neno/a confeciona unha postal e a gañadora e destinada para ilustrar as felicitacións de Nadal que cada ano o noso Colexio envía ás familias.

Dado que este ano non se poderá celebrar o festival buscaremos actividades alternativas como actuacións gravadas en video que serán subidas a web do colexio como fixemos no curso anterior.

**DIFUSIÓN DO GALEGO COAS TIC:** Un dos obxectivos principais do centro neste curso pasado foi a nosa páxina web, e continuaremos actualizando, engadindo e amosando as actividades máis destacadas para a normalización da lingua galega. Ademáis o EDLG contribúe a poñer en disposición de toda a comunidade educativa:

1. Enlaces a dicionarios (galego-castelán, castelán-galego), tradutores e correctores lingüísticos.
2. Dixitalización da Revista Escolar.
3. Novidades editoriais para os nenos/as.
4. Mapas de Galicia.

**2º TRIMESTRE**

**DÍA INTERNACIONAL DA EDUCACIÓN:** O venres 24 de xaneiro realizaremos alguna actividade de reflexión sobre esta celebración.

**DÍA DA PAZ:** Seguindo unha continuidade coa anterior actividade do día da educación traballaremos o “Día Escolar da non Violencia e a Paz” con actividades como un mural conxunto , unha canción pola paz e lectura de poemas.

**DÍA DE ROSALÍA DE CASTRO:** O 24 de febreiro celebraremos este día traballando a biografía de Rosalia e lendo poemas.

**ENTROIDO:** Celebraremos o entroido seguindo as directrices de prevención sanitaria e segundo as posibilidades das que dispoñamos. Procuraremos como todos os anos decidir unha temática común acordada no claustro e preparar as actividades en conxunto.

**CARTEIROS/AS:** Os alumnos e as alumnas do noso colexio intercambian cartas como todos os anos

cos compañeiros e compañeiras do colexio “Praia Quenxe” de Corcubión.

**LIBRO VIAXEIRO:** Este ano recuperaremos a actividade do caderno viaxeiro, que constou dunha libreta que irá movéndose polos alumnos e os seus fogares, para realizar un traballo conxunto de recopilación ou inventiva, compartir saberes e moitas máis cousas que fóron xurdindo (lendas, ditos, contos, chistes…)

**3º TRIMESTRE :**

**FESTIVAL DE MONICREQUES:** Aínda que non se puido finalizar esta actividade,debido a situación sanitaria este curso retomaremos as actuacións, o paso seguinte sería invitar ás familias a disfrutar dos contos e representacions dos nenos e nenas pero é unha actividade que posiblemente non se poida completar pola situación actual.

**A VOZ DO FARO:** Na semana do 7 ao 11 de marzo con motivo da Semana da Prensa, traballaremos con xornais nas aulas e prepararemos e editaremos o xornal do colexio.

**SEMANA DO LIBRO:** Entre o 18 e o 22 de abril na cal prepararemos actividades de lectura. “Contoche un conto” lecturas entre as clases se fóra posible ou ben a mesma actividade gravada en video e presentada na web do colexio.

**LETRAS GALEGAS:** O venres 13 de maio celebramos o día das letras galegas. Para conmemorar esta celebración levaremos ao cabo as seguintes actividades:

Talleres e actividades didácticas sobre o autor homenaxeado.

Certame poético, festival….

Todas as actividades programaránse segundo as posibilidades das que dispoñamos tendo en conta as ordes e recomendacións sanitarias.

**DÍA MUNDIAL DO MEDIO AMBIENTE:** O día 5 de xuño prepararemos actividades de concienciación sobre a importancia da proteción dos nósos medios naturais.

## 32. CONCRECIÓN ANUAL DO PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

O equipo directivo incorporará a concreción anual do Plan Xeral de Atención á Diversidade á programación xeral anual, velando polo seu cumprimento, evaluación e memoria.

## 33. CONCRECIÓN ANUAL DO PLAN DE CONVIVENCIA.

O plan de convivencia foi modificado no curso escolar 20/21.

Dende o departamento de orientación e o equipo directivo realizaránse actividades de dinámica de grupo enfocadas a mellorar as capacidades de comunicación e a cooperación entre eles. Ademais solicitarase o Plan Director con charlas de concienciación para o alumnado e familias.
Obxectivos curso 20212022

- Facer un seguemento e adecuación do plan de convivencia á realidade actual e a normativa vixente.
- Favorecer a integración e convivencia de todo o alumnado.
- Organizar a convivencia entre os diferentes membros da comunidade escolar.
- Difundir e velar polo cumprimento das NOF.
- Establecer canles de información e de comunicación coas familias a través da función titorial e coa colaboración do D. O.
- Favorecer a participación das familias na vida escolar polos medios establecidos: titorías, ANPA, órganos colexiados.

Actividades

- Organizar o período de adaptación do alumnado de E. Infantil de 3 anos.
- Levar a cabo o protocolo de acollida do alumnado que se incorpora ao centro una vez iniciado o curso.
- Consenso de normas e pautas de actuación no desenvolvemento da función titorial, períodos de lecer e actividades lectivas e extraescolares.
- Aplicar os protocolos cando sexa necesario.
- Establecer relación fluidas e intercambio de información coas familias a través de entrevistas nas sesión de titorías, web, taboleiros, circulares, horario de atención a familias.

## 34. 35.ACCIÓNS DE MELLORA DERIVADAS DA ANÁLISE DE RESULTADOS DAS AVALIACIÓNS INDIVIDUALIZADAS.

Non procede

## 36.37 SEGUIMENTO E AVALIACIÓN DO PROGRAMA BILINGÜE

Para este ano contábamos cunha auxiliar , pero duás semanas despois renunciou.

## 38. PLAN PROXECTA

**O centro non participa este ano no Plan Proxecta.**

## <u>39. PLAN DE IGUALDADE</u>

O Plan de Igualdade está sendo elaborado.

A PXA foi aprobada polo Claustro e Consello Escolar o día 14 de outubro de 2021.

A Directora:

Pérez Escariz, Marta